polo Ministerio de Fomento na estrada N-554 no concello de
Vilaboa, as previsións respecto da solicitude ao Goberno
central da súa transferencia a Galicia, así como a execución
nela das obras de mellora precisas unha vez transferida
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio
Ambiente e Servizos

- 08/POC-5935(54807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier e Aymerich Cano, Carlos
Ignacio
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para
resolver os problemas creados ás familias monoparentais de
Lugo coa desaparición do centro que lles permitía conciliar
a vida laboral e familiar
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5937(54812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre a información da Xunta de Galicia respecto da planta
de tratamento de residuos urbanos das provincias de
Ourense e Pontevedra que se compromete a construír a
empresa Estela Eólica, adxudicataria do concurso eólico que
se vén de resolver
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio
Ambiente e Servizos

- 08/POC-5938(54822)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a situación na que se atopan as obras de rehabilitación
do edificio do antigo Hotel Comercio de Monforte de Lemos
para albergar oito vivendas protexidas en aluguer para a
mocidade, o mantemento desa finalidade e o prazo de inicio
dos trámites para a súa adxudicación
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio
Ambiente e Servizos

- 08/POC-5939(54833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a evolución da produción galega de mexillón e da introdución en Galicia de mexillón importado, nomeadamente de procedencia chilena

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5940(54835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as accións que se van emprender para evitar as prácticas irregulares no embarque de tripulantes na frota pesqueira galega

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5941(54837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar na defensa do sector conserveiro galego diante do incremento das importacións procedentes do sudeste asiático, singularmente de Papúa-Nova Guinea e das Illas Fixi

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5942(54845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar na defensa das embarcacións galegas de baixura afectadas polo proceso de regularización impulsado ao amparo da Lei estatal 9/2007, do 22 de xuño

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5943(54847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre o estado de tramitación da obra de ampliación da estrada PO-542, Ponte Bora-O Pino, para dar acceso ao futuro hospital de Pontevedra, situado en Monte Carrasco, o mantemento de contactos cos afectados polas expropiacións e o achegamento de posturas co Concello, así como a posibilidade de modificar o trazado previsto

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5944(54851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre o número de multas coercitivas impostas e cobradas á Asociación de Veciños de Santa Eulalia, de Valdoviño, polas obras realizadas sen autorización no ano 2004, no lugar de Monte dos Prados-Limpeiro, no Concello de Valdoviño, dentro do espazo natural Costa Ártabra, da Rede Natura 2000

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5945(54852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 4 deputados máis

Sobre os criterios e razóns da redución no curso 2010-2011 do cadro de persoal docente do Instituto de Ensinanza Secundaria de Cacheiras, no concello de Teo, a súa incidencia na calidade educativa impartida e a existencia de masificación nas aulas de ESO e bacharelato

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-5946(54853)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para a construción da nova escola infantil no concello de Vilalba comprometida pola Sra. conselleira de Traballo e Benestar, a dotación e a partida orzamentaria destinada para ese fin e os prazos previstos para o inicio das obras e a súa entrada en funcionamento

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5947(54902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os problemas xerados na praia de Laxe pola alteración das correntes tras do último alongamento do dique desa vila

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5948(54911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Rego González, Ismael

Sobre os motivos da paralización das obras de concentración parcelaria que afectan ás parroquias de Pereiro-Oirás e ao

Val de Alfoz, no concello de Alfoz, os prazos previsto para a súa continuación, remate dos procesos pendentes e entrega dos títulos de propiedade das novas parcelas, así como a dotación orzamentaria consignada para ese fin para o ano 2011

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5949(54914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e 3 deputados máis

Sobre as notificacións da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público que están a recibir os gandeiros para aplicarles o canon de saneamento aínda vixente polo consumo de auga, con carácter retroactivo dende o 15 de abril de 2006

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5950(54925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 4 deputados máis

Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obra-
doiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5951(54926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 4 deputados máis

Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obra-
doiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5953(54934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións postas en marcha e previstas polo Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0 a 3 anos, así como para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-5954(54943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para corrixir a situación na que se atopa o río Ferreira a consecuencia da ausencia de caudal ecolóxico suficiente no encoro das Forcadas

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5955(54950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a situación do novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5956(54967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 3 deputados máis

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural sobre a repercusión que vai ter no sector a absorción de Sanidad Animal y Servicios Ganaderos, S.A., TRAGSEGA, por Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., TRAGSATEC, a vinculación da Xunta de Galicia con esta última e a incidencia da fusión nas relacións existentes

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5958(54986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a publicación na páxina web oficial da Xunta de Galicia dunha nota de prensa valorativa do labor dos deputados da oposición

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-5959(54993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Cajide Hervés, María del Carmen

Sobre a existencia de requirimentos do Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra para que os veciños soliciten a reversión dos terreos sobrantes expropiados no seu día para a realización da obra de mellora da estrada PO-548 ao seu paso polo concello de Valga

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5960(54995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis
Sobre as causas da seca, no verán de 2010, do regato de Cortegada na parroquia de Siador, no concello de Silleda, a autorización das obras de captación de auga realizadas para abastecemento da poboación e o mantemento do caudal ecolóxico necesario para evitar danos ambientais
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5961(54997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 4 deputados máis
Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para evitar o despedimento de trinta e dúas persoas vinculadas a Sogama, as razóns para non construír a planta de pretratamento do lixo prevista e a garantía do cumprimento da normativa referente aos vertedoiros
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-5962(55002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre os datos relativos á oferta polo Sergas de incentivos económicos vinculados á actividade asistencial do persoal facultativo
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-5963(55005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre as consignacións orzamentarias comprometidas para os plans Impulsa Lugo e Ourense
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-5964(55014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e 2 deputados máis
Sobre a subministración de combustible no porto de Baiona
Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-5936 (54809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fraga Santos, Silvia Belén
Sobre a exclusión da organización xuvenil Xuventudes Socialistas de Galicia do programa da TVG Foro Aberto, no que se trataron asuntos de interese para a mocidade
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 08/POC-5952(54932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Quintana González, Anxo Manuel
Sobre o respecto á pluralidade informativa na CRTVG
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 08/4PRE-7767 (54702)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre as actividades de promoción da cidade de Lugo postas en marcha pola Secretaría Xeral para o Turismo, os investimentos realizados nesa cidade e os acordos de colaboración asinados co Concello en materia de turismo

- 08/4PRE-7768(54705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre as obras ou proxectos de mantemento ou doutro tipo levados a cabo pola Consellería de Cultura e Turismo durante o ano 2010 na muralla romana de Lugo, a súa contía e a fase de execución na que se atopan

- 08/4PRE-7769(54710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Tomé Roca, José e 3 deputados máis
Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obradoiros de emprego aos concellos da provincia de Lugo durante o ano 2010

- 08/4PRE-7770(54716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as alegacións presentadas polo sector pesqueiro e marisqueiro no proceso de elaboración pola Consellería do Mar do novo decreto para a regulación da actividade e das artes e aparellos de pesca, o recoñecemento legal nel das embarcacións auxiliares de marisqueo e a súa entrada en vigor

- 08/4PRE-7771(54721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 4 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación e posta en marcha dos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear no novo Hospital Lucus Augusti da cidade de Lugo e a licitación da infraestrutura necesaria

- 08/4PRE-7772(54732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os contratos asinados e as actividades realizadas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2009

- 08/4PRE-7773(54733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os contratos asinados e as actividades realizadas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2010

- 08/4PRE-7774(54750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns que levan á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a excluír a lingua galega, no apartado de lexislación, na súa páxina web oficial

- 08/4PRE-7775(54751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a situación que presenta a enseada de Larache, en Vilaboa, no tocante á calidade das súas augas, o seu impacto na actividade marisqueira e as medidas que se van adoptar por este motivo

- 08/4PRE-7776(54762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas que se van adoptar para paliar os danos ocasionados nos portos de Camelle, Arou e Santa Mariña polo temporal Bechy

- 08/4PRE-7777(54765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os problemas que está a orixinar o novo sistema informático no funcionamento das lonxas galegas

- 08/4PRE-7778(54767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de instalación dunhas comportas no banco marisqueiro do Saco de Fefiñáns, en Cambados, para a súa habilitación como zona de deportes náuticos

- 08/4PRE-7779(54772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis

Sobre os danos provocados no xacemento arqueolóxico do Castro do Cociñadoiro, en Punta Langosteira, no concello de Arteixo, polas obras do porto exterior

- 08/4PRE-7780(54779)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar para protexer o mexón, o alevín da anguía, en Galicia

- 08/4PRE-7781(54781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis

Sobre as circunstancias que concorreron no falecemento dunha nena acabada de nacer no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide

- 08/4PRE-7782(54782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da transferencia a Galicia das com-

petencias en materia de regulación das augas das rías galegas e as medidas que se van adoptar para acadar o cumprimento dese obxectivo

- 08/4PRE-7783(54788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto da venda das participacións das caixas de aforros de Galicia na empresa galega R

- 08/4PRE-7784(54799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a aplicación do establecido na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no tocante ao denominado "contador a cero" nas concesións de bateas mexilloeiras

- 08/4PRE-7785(54801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o incremento desproporcionado do canon por renovación da concesión de bateas

- 08/4PRE-7786(54806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para resolver os problemas creados ás familias monoparentais de Lugo coa desaparición do centro que lles permitía conciliar a vida laboral e familiar

- 08/4PRE-7787(54810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fraga Santos, Silvia Belén

Sobre a exclusión da organización xuvenil Xuventudes Socialistas de Galicia do programa da TVG Foro Aberto, no que se trataron asuntos de interese para a mocidade

- 08/4PRE-7788(54811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre os obxectivos, os criterios seguidos e o custo da publicación nalgúns medios de comunicación, o día 15 de novem-

bro de 2010, dun especial da Consellería do Mar respecto da construción dunha goleta

- 08/4PRE-7789(54813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a información da Xunta de Galicia respecto da planta de tratamento de residuos urbanos das provincias de Ourense e Pontevedra que se compromete a construír a empresa Estela Eólica, adxudicataria do concurso eólico que se vén de resolver

- 08/4PRE-7790(54821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a situación na que se atopan as obras de rehabilitación do edificio do antigo Hotel Comercio de Monforte de Lemos para albergar oito vivendas protexidas en aluguer para a mocidade, o mantemento desa finalidade e o prazo de inicio dos trámites para a súa adxudicación

- 08/4PRE-7791(54832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a evolución da produción galega de mexillón e da introdución en Galicia de mexillón importado, nomeadamente de procedencia chilena

- 08/4PRE-7792(54834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as accións que se van emprender para evitar as prácticas irregulares no embarque de tripulantes na frota pesqueira galega

- 08/4PRE-7793(54836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que vai adoptar a Secretaría Xeral de Política Lingüística para evitar a deturpación dos topónimos galegos en diversa documentación e páxinas web oficiais do Goberno español

- 08/4PRE-7794(54838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a posición do Goberno galego perante o traballo e a funcionalidade dos equipos de normalización e dinamización lingüística, ENDL

- 08/4PRE-7795(54844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar na defensa das embarcacións galegas de baixura afectadas polo proceso de regularización impulsado ao amparo da Lei estatal 9/2007, do 22 de xuño

- 08/4PRE-7796(54846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de depuración e saneamento na Illa de Ons

- 08/4PRE-7797(54849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre o número de multas coercitivas impostas e cobradas á Asociación de Veciños de Santa Eulalia, de Valdoviño, polas obras realizadas sen autorización no ano 2004, no lugar de Monte dos Prados-Limpeiro, no concello de Valdoviño, dentro do espazo natural Costa Ártabra, da Rede Natura 2000

- 08/4PRE-7798(54850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre o estado de tramitación da obra de ampliación da estrada PO-542, Ponte Bora-O Pino, para dar acceso ao futuro hospital de Pontevedra, situado en Monte Carrasco, o mantemento de contactos cos afectados polas expropiacións e o achegamento de posturas co Concello, así como a posibilidade de modificar o trazado previsto

- 08/4PRE-7799(54855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 4 deputados máis

Sobre os criterios e razóns da redución no curso 2010-2011 do cadro de persoal docente do Instituto de Ensinanza Secundaria de Cacheiras, no concello de Teo, a súa incidencia na calidade educativa impartida e a existencia de masificación nas aulas de ESO e bacharelato

- 08/4PRE-7800(54904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os problemas xerados na praia de Laxe pola alteración das correntes tras do último alongamento do dique desa vila

- 08/4PRE-7801(54907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 2 deputados máis

Sobre a data de aprobación do convenio co Concello de Palas de Rei para a captación de auga do Río Pambre en Ponte Rosa, na parroquia do Carballal de San Mamede, con destino á estación de bombeo e impulsión á estación de tratamento de auga potable de Palas de Rei, e os datos relativos á execución das obras

- 08/4PRE-7802(54927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Burgo López, María Concepción

Sobre os datos relativos á execución das obras de restauración dos danos ocasionados polo temporal Klaus no mes de xaneiro de 2009, na igrexa da parroquia de San Lourenzo de Árbol, no concello de Vilalba

- 08/4PRE-7803(54931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e Rego González, Ismael

Sobre a fase de tramitación do expediente e o prazo previsto para a declaración como Ben de Interese Cultural o Castro de Fazouro, no concello de Foz, e as actuacións de rehabilitación e mantemento, así como os investimentos realizados nel nos anos 2009 e 2010

- 08/4PRE-7804(54933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións postas en marcha e previstas polo Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0 a 3 anos, así como para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 08/4PRE-7806(54948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre as medidas adoptadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para corrixir a situación na que se atopa o río Ferreira a consecuencia da ausencia de caudal ecolóxico suficiente no encoro das Forcadas

- 08/4PRE-7807(54949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a situación do novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán

- 08/4PRE-7808(54968)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma e 2 deputados máis
Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural sobre a repercusión que vai ter no sector a absorción de Sanidad Animal y Servicios Ganaderos, S.A., TRAGSEGA, por Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., TRAGSATEC, a vinculación da Xunta de Galicia con esta última e a incidencia da fusión nas relacións existentes

- 08/4PRE-7809(54974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia para evitar os problemas de seguridade vial ocasionados polas obras de reurbanización das estradas de Castela e de Catabois no concello de Ferrol

- 08/4PRE-7810(54996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis
Sobre as causas da seca, no verán de 2010, do regato de Cortegada na parroquia de Siador, no concello de Silleda, a autorización das obras de captación de auga realizadas para abastecemento da poboación e o mantemento do caudal ecolóxico necesario para evitar danos ambientais

- 08/4PRE-7811(55001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre os datos relativos á oferta polo Sergas de incentivos económicos vinculados á actividade asistencial do persoal facultativo

- 08/4PRE-7812(55004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre as consignacións orzamentarias comprometidas para os plans Impulsa Lugo e Ourense

- 08/4PRE-7813(55013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e 2 deputados máis
Sobre a subministración de combustible no porto de Baiona

4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 08/4PRE-0340 (41713)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as negativas á regularización de embarcacións pesqueiras galegas e as medidas que se adoptarán por este motivo
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

- 08/4PRE-0365(41794)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a avaliación pola Consellería do Mar, da actual lexislación e normativa en materia de confrarías
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

- 08/4PRE-2333(44075)(55064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as razóns que impiden que a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia poida desenvolver os seus traballos en lingua galega
BOPG núm. 315, do 17.09.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55064, en pregunta con resposta oral na Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/4PRE-2356(44100)(55065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o uso da lingua galega na Administración de xustiza
BOPG núm. 316, do 20.09.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55065, en pregunta con resposta oral na Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/4PRE-3682(45720)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e 2 deputados máis
Sobre as declaracións realizadas polo subdirector xeral do Servizo de Gardacostas de Galicia o día 16 de agosto de 2010 en relación coa actuación da Confraría de Pescadores da Coruña fronte ao furtivismo

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/4PRE-3696(46050)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as previsións de asistencia da Xunta de Galicia ás reunións en materia de seguridade marítima convocadas pola Organización Marítima Internacional (OMI)

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/4PRE-4056(46927)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre os convenios ou contratos realizados pola Consellería do Mar cos medios de comunicación
BOPG núm. 326, do 04.10.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/4PRE-4378(47744)(55066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e 2 deputados máis
Sobre as medidas que se van adoptar diante dos prexuízos xerados pola decisión da Autoridade Portuaria de Vigo de trasladar o punto de embarque do transporte marítimo de ría
BOPG núm. 328, do 06.10.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55066, en pregunta con resposta oral na Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/3PRE-5347(37380)(55064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre o estado que presenta a rede de saneamento no concello de Meis, o seu impacto ambiental e as medidas que se van adoptar por este motivo desde a Xunta de Galicia
BOPG núm. 256, do 21.06.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55064, en pregunta con resposta na Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/3PRE-6521(39091)(55062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre as previsións de construción e entrada en servizo do Centro de Recuperación da Fauna Mariña
BOPG núm. 269, do 08.07.2010

A Mesa, acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm. 55062, en pregunta con resposta oral na Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2010

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos Deputados Ignacio López-Chaves Castro, Paula Padro del Río, José Fervenza Costas, María de la Soledad Piñeiro Martínez, Pedro Arias Veira, María Yolanda Díaz Lugilde, Natalia Barros Sánchez, Pedro Puy Fraga, María Seoane Romero, Román Rodríguez González e Marta Valcarcel Gómez, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento, presenta a seguinte Proposición non de Lei urxente para o seu debate en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada polas recentes declaracións da Ministra de Cultura onde afirmaba que era necesario buscar novos modelos de financiación para as infraestruturas culturais e isto require a adopción urxente dun acordo para executar o compromiso do Goberno de Rodríguez Zapatero de ser a Cidade da Cultura un Proxecto de Estado.

Exposición de Motivos

O día 6 de febreiro de 2007, fai agora mais de tres anos e medio, o Presidente do Goberno da Nación José Luís Rodríguez Zapatero anunciaba que a Cidade da Cultura ía a ser un “proxecto de Estado” co que a financiación da mesma sería compartida entre a Xunta de Galicia e o Goberno Central. A pesar de existir na época do Goberno bipartito algunha reunión entre representantes da Xunta de Galicia e do Goberno central sobre este tema, este último non realizou aportación algunha para a financiación da Cidade da Cultura, incumprindo o Presidente José Luís Rodríguez Zapatero o seu compromiso.

É necesario lembrar dende o Parlamento de Galicia que a consideración polo Goberno socialista da Cidade da Cultura como proxecto de Estado debe implicar a colaboración económica do



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Estado na mesma, colaboración como a que tiveron outros proxectos culturais desa envergadura como foi o Forum Universal das Culturas – Barcelona 2004. Para poder executar esa promesa é necesario por en marcha unha Comisión entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que se determine as achegas a realizar por cada un deles na Cidade da Cultura.

Polo exposto,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia para se dirixa ao Goberno central para poñer en marcha a creación dunha Comisión mixta Xunta de Galicia - Goberno central para determinar as achegas de fondos da Administración do Estado para a execución das obras da Cidade da Cultura e contribuír aos seus gastos de explotación na medida en que foi cualificada polo Presidente do Goberno Rodríguez Zapatero como “Proxecto de Estado”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 23/11/2010 10:53:54

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 23/11/2010 10:54:08

Paula Prado del Río na data 23/11/2010 10:54:12

José Fervenza Costas na data 23/11/2010 10:54:18

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 23/11/2010 10:54:23

Pedro Manuel Arias Veira na data 23/11/2010 10:54:33

Yolanda Díaz Lugilde na data 23/11/2010 10:54:37

Natalia Barros Sánchez na data 23/11/2010 10:55:06

Pedro Puy Fraga na data 23/11/2010 10:55:10

María Seoane Romero na data 23/11/2010 10:55:15



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 11:01
Nº Rexistro: 54773
Data envío: 23/11/2010 11:01:21.248

Román Rodríguez González na data 23/11/2010 10:55:20

Marta Valcárcel Gómez na data 23/11/2010 10:55:24

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/11/2010 11:00:19

Rosa Oubiña Solla na data 23/11/2010 11:00:21

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 23/11/2010 11:00:23



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Ignacio López-Chaves Castro, José Fervenza Costas, María de la Soledad Piñeiro Martínez, Pedro Arias Veira, María Yolanda Díaz Lugilde, Natalia Barros Sánchez, Román Rodríguez González e Marta Valcarcel Gómez, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de Lei Urxente para o seu debate en Comisión

Xustificación da urxencia

A recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 21 de outubro sobre o Canon dixital esixe a adopción de medidas polo Goberno central.

Exposición de Motivos

O establecemento en España dun canon dixital que se aplica de forma indiscriminada por copia privada a todos os equipos, aparatos e materiais de reprodución dixital e a todas as copias privadas con independencia do destino ou uso da mesma, ademais de ocasionar un grave dano, supuxo uns ingresos por decenas de millóns de euros polas entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual.

O sistema de aplicación indiscriminada do canon da lexislación en España non é compatible, segundo afirma a Sentencia del Tribunal de Xustiza de la Unión Europea de 21 de outubro, coa Directiva 2001/29, e o Parlamento de Galicia no Pleno do día 10 de novembro acordou solicitar a súa substitución.

Polo exposto:



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

“O Parlamento insta a la Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central para que, de forma consensuada, estude a posibilidade de establecemento dun sistema de compensación polas entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual das cantidades que percibiron indebidamente nos últimos anos”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 24/11/2010 10:16:37

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/11/2010 10:16:53

José Fervenza Costas na data 24/11/2010 10:17:07

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/11/2010 10:17:16

Pedro Manuel Arias Veira na data 24/11/2010 10:17:22

Yolanda Díaz Lugilde na data 24/11/2010 10:17:29

Natalia Barros Sánchez na data 24/11/2010 10:17:32

Román Rodríguez González na data 24/11/2010 10:17:36

Marta Valcárcel Gómez na data 24/11/2010 10:17:40



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto **de impulsar con urxencia a construción do parque empresarial comarcal do Barbanza, a situar en terreos siutados nos concellos de A Pobra do Caramiñal e de Ribeira.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia adxudicou en outubro do 2008, por 59.392 €, a redacción do proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento do Parque Empresarial do Barbanza, que se situaría entre os concellos de Ribeira e Pobra do Caramiñal.

O pasado 12 de novembro de 2010 o director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, tentando xustificar a parálise do Goberno galego en relación a este proxecto, e situaba como pretexto que o parque empresarial fora radicado nunha zona de especial protección forestal.

A empresa que resultou adxudicataria, Nortagro S.L., dispoñía dun prazo de 2 meses para redactar este documento.

O proxecto do Parque Empresarial do Barbanza foi declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego a principios do mes de setembro de 2008.

Esta declaración viña motivada pola magnitude da actuación que se ía desenvolver sobre 1 millón de metros cadrados e porque daría resposta ás necesidades de solo produtivo na comarca da Barbanza, detectadas no estudio de viabilidade medioambiental, técnica e económica no que se analizaron 10 millóns de metros cadrados de terreo.

O investimento total que estaba previsto nesta actuación era de 32.062.224 euros, dos que máis de 27 millóns se dedicarían á urbanización e 4,1 millóns empregaríanse na adquisición de terreos.



Grupo Parlamentario

Cabe lembrar que o Parque Empresarial da Barbanza ía desenvolverse sobre unha superficie total de 1.008.928 metros cadrados.

Da superficie total, 541.520 metros cadrados serían de uso empresarial e industrial, 311.824 metros cadrados para espazos libres, 124.198 metros cadrados para a rede viaria e 31.386 metros cadrados para equipamentos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cabe recordar que o proxecto incluía tamén a dotación de naves modulares para os pequenos empresarios que quixeran instalarse co obxectivo de dar resposta ás súas necesidades de solo produtivo, podendo optar a través dun prezo e unhas condicións óptimas.

Na actualidade descoñecemos cal é a situación na que se atopan os trámites para a construción deste parque empresarial, impulsado por parte do anterior goberno da Xunta de Galicia, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Os socialistas galegos consideramos fundamental para o desenvolvemento económico e social de Arousa Norte, a execución do proxecto do parque empresarial do Barbanza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retomar, de forma urxente, a tramitación do proxecto do Parque Empresarial do Barbanza (sito nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal), procedendo á finalización da tramitación administrativa nun prazo inferior a tres meses, posibilitando deste xeito o comezo dos traballos de execución durante o ano 2011 o que permitiría a súa finalización antes de que finalice o ano 2012.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 22/11/2010 19:26:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2010 19:26:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas** e **Xoaquín M^a Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de impulsar un acordo para que o Goberno galego lle asigne a súa praza como funcionarios aos opositores que superaron as probas selectivas correspondentes a Oferta Pública de Emprego do ano 2008 e levan nalgúns casos máis dun ano agardando á súa toma de posesión.**

Vimos de coñecer a existencia dunha serie de denuncia por parte de cidadáns que teñen opositado para traballar na Administración autonómica, unha denuncia que se suma aos continuos problemas existentes nos procesos selectivos de acceso á función pública na Xunta de Galicia.

Máis de douscentos opositores que agardan o seu nomeamento como funcionarios, nalgúns casos dende fai máis de un ano, téñense dirixido ao Valedor do Pobo co obxecto de presentar unha queixa diante do Alto Comisionado debido á falta de sensibilidade do Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo.

O Goberno galego de forma inxustificada e discrecional ten a máis de 440 cidadáns sen asignarlle a súa praza como funcionarios despois de ter superadas as probas selectivas correspondentes á OPE do ano 2008.

Os opositores veñen de dirixirse ao Valedor do Pobo pedíndolle axuda e fano do seguinte xeito: “diante da grave e indignante situación na que nos encontramos, causada polo nefasto funcionamento da Administración pública galega e concretamente polos reiterados e inxustificadas retrasos por parte da Xunta de Galicia á hora de tramitar a Oferta de Emprego Público de 2008, retrasos que constitúen unha vulneración de dereitos así como unha violación da legalidade vixente. Máis de 440 opositores dos Grupos C1 e C2 que, impotentes, vemos que transcorridos xa máis de dous anos e medio desde a publicación da O.E.P. aínda non temos tomado posesión das nosas prazas.”



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os citados opositores que aprobaron as probas selectivas correspondentes a OPE do ano 2008 manifestan que: **“Non existe ningunha razón legal ou administrativa que lle impida á Xunta de Galicia a nosa toma de posesión e, non obstante, non están cumprindo coas súas obrigas. Estamos aprobados, pero non podemos tomar posesión da praza e empezar a traballar.”**

A existencia de anomalías, escándalos, filtracións, retrasos inxustificadas no nomeamento de funcionarios ou a paralización de determinadas convocatorias está sendo unha constante na xestión política do Goberno galego dende a chegada á presidencia da Xunta por parte de Alberto Núñez Feijóo.

Existiu un atraso inxustificado nas tomas de posesión dos procesos selectivos para o ingreso nos corpos de ADMINISTRATIVO e AUXILIAR da Xunta de Galicia (subgrupos C1 e C2) da oferta de emprego público do 2008 (aprobada polo Decreto 88/2008, de 30 de abril).

O incumprimento dos prazos legais foi gravísimo, con atrasos de varios meses na maioría das ocasións e sen ningunha xustificación como se demostra na análise do informe emitido por Función pública. Demoras inxustificables, que, ao noso entender, non responden a ningunha razón legal ou práctica senón tan só ao enorme deixamento e incompetencia da Xunta de Galicia na xestión destas Oposicións. Así o manifestan os opositores cada vez que teñen oportunidade de facelo.

Durante o proceso estiveronse incumprindo os prazos para a realización dos exames, tardouse máis do necesario en ditar as resolucións. Recordamos como no grupo C2 libre tardaron 2 meses en comprobar que 50 persoas acreditaban correctamente os coñecementos do galego.

As notas do segundo exercicio publicáronse 21/04/2010. O prazo para presentar a documentación (10 días hábiles) termina o día 03/05/2010. O tribunal non publica a resolución até o 17/07/2010.

A negligente xestión da Dirección Xeral da Función Pública nos diversos procesos selectivos están causando un grave prexuízo aos opositores que levan máis de dous anos sufrindo o inferno que están a supoñer estes procesos selectivos.



Grupo Parlamentario

Coma se non fose suficiente todo o pasado, agora con procesos selectivos terminados e listas de aprobados publicadas os opositores que gañaron as súas prazas levan moitos meses de espera.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Entendemos que o Goberno tivo paralizados incomprendiblemente os procesos selectivos de acceso aos seguintes corpos: corpo de xestión, A2, quenda de consolidación de emprego; corpo administrativo, C1, quenda libre e consolidación de emprego; corpo auxiliar, C2, quenda libre e consolidación de emprego convocados pola Orde de 18 de xullo de 2.008 (DOG núm.144, de 28 de xullo de 2008).

Existe unha fonda preocupación entre os opositores polos retrasos inexplicables nos nomeamentos de funcionarios despois de que levan meses coa oposición aprobada. **Nalgúns casos, levan dende decembro do ano 2009 agardando á resolución dos trámites administrativos para poder tomar posesión.**

O presidente da Xunta de Galicia debería tomar decisións sobre a Dirección Xeral de Función Pública porque a incapacidade do Goberno galego é clamorosa, tendo como consecuencia unha gran desconfianza respecto das oposicións da Xunta de Galicia por parte dos cidadáns que están opositando.

Estamos a facernos eco da denuncia de máis de catrocentos cidadáns que teñen gañado unha praza de funcionarios despois de aprobar unha oposición convocada fai máis de dous anos, e polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Proceder, antes do 31 de decembro do ano 2010 á adxudicación de destinos de carácter provisional como funcionarios aos opositores que gañaron a súa praza nos Grupos C1 e C2 da Oferta Pública de Emprego do ano 2008 da Xunta de Galicia.**
- 2.- Adoptar, durante o primeiro trimestre do ano 2010, as medidas necesarias para proceder ao nomeamento definitivo como funcionarios, con arranxo a dereito, dos opositores que gañaron a súa**



Grupo Parlamentario

praza nos Grupos C1 e C2 da Oferta Pública de Emprego do ano 2008 da Xunta de Galicia.

3.- Remitir ao Parlamento de Galicia un informe de avaliación dos procesos selectivos correspondentes á Oferta Pública de Emprego do ano 2008, debido ás denuncias e queixas presentadas por centos de opositores diante da Xunta de Galicia e tamén diante do Valedor do Pobo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 23/11/2010 12:30:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2010 12:30:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:26
Nº Rexistro: 54803
Data envío: 23/11/2010 17:26:40.043

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **María Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á transferencia á Galiza da estrada estatal N-554, ao seu paso por Vilaboa, e ao arranxo das deficiencias nas obras desta vía.

A estrada N-554, de dependencia estatal (Ministerio de Fomento), é unha das principais arterias de comunicación e vertebración do Concello de Vilaboa, conectando núcleos de poboación e servizos, e atravesando numerosas zonas habitadas. Esta é a súa auténtica funcionalidade. Lonxe da visión simplista, de mera conexión entre a estrada N-550 (Pontevedra-Arcade) e a autoestrada AP-9 (á altura da ponte de Rande) que mantén o Ministerio de Fomento, dende Madrid.

Neste contexto, non é explicábel que a titularidade deste vial siga residenciado en Madrid, no Goberno español. Galiza ten dereito a decidir sobre as vías que a atravesan, e os habitantes de Vilaboa a que esa estrada responda ás súas necesidades reais e á singularidade dos asentamentos humanos que comunica.

Após presión política, desde o BNG, e social, con importantes mobilizacións populares, o Goberno español acometeu, finalmente, un proxecto de mellora da estrada N-554, aínda que lamentabelmente non vai resolver os problemas de comunicación que presenta esta vía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:26
Nº Rexistro: 54803
Data envío: 23/11/2010 17:26:40.043

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas para posibilitar a transferencia á Galiza da titularidade da estrada N-554, ao seu paso por Vilaboa, a fin de que, unha vez traspasada, se proceda, por parte do Goberno galego, ao arranxo das deficiencias nas obras desta vía.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 17:16:08

Teresa Táboas Veleiro na data 23/11/2010 17:16:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, e do seu deputado, **Ismael Rego González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión**.

No concello de Alfoz a Consellería de Medio Rural ten iniciados dous procesos de concentración parcelaria, que afectan ás parroquias de Pereiro-Oirás e ao Val de Alfoz, sendo aprobado o decreto polo que se declaraba de utilidade pública e execución urxente xa a finais dos anos 90.

Os gobernos Fraga non foron quen de iniciar o proceso de concentración que afectaba a este Concello da Mariña Luguesa de importante actividade gandeira e agraria, e foi o anterior Goberno, presidido polos socialistas, o que impulsou definitivamente o proceso e comezou a execución das obras, realizando os primeiros movementos de terras e a apertura e acondicionamento da rede de camiños de concentración.

Non obstante, unha vez que o Goberno de Feijoo accedeu á presidencia da Xunta de Galicia, paralizáronse todas as actuacións, de xeito que durante case dous anos non se ten producido ningún avance do proceso, co consecuente prexuízo para os veciños e as veciñas.

Nun contexto no que os orzamentos da Xunta de Galicia descendían no seu conxunto, a Consellería de Medio Rural é unha das grandes sacrificadas e o medio rural o discriminado coas políticas do PP, recortando na orde dun 57% o investimento real nos programas de reordenación das estruturas agrarias, de xeito que se compromete non só o inicio de novos procesos de concentración parcelaria senón que se compromete a continuación e o remate das concentracións xa iniciadas en zonas de especial interese agrogandeiro como é o caso das afectadas no concello de Alfoz, feito que preocupa fundamentalmente aos veciños e ás veciñas.



Grupo Parlamentario

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

Continuar os procesos de concentración parcelaria e proceder de xeito urxente á execución das obras pendentes que afectan ás concentracións parcelarias de Pereiro-Oirás e Val de Alfoz no concello de Alfoz, consignando e achegando a suficiente dotación orzamentaria co fin de rematar ambos os dous procesos á maior brevidade.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Ismael Rego González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 17:40:51

Ismael Rego González na data 24/11/2010 17:40:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2010 17:40:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Carlos Aymerich Cano** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos:

Desde o ano 1990 coa aprobación da LOXSE a educación infantil pasa a concibirse como unha etapa educativa. Desaparece a concepción asistencial de atención aos nenos e nenas e ábrese un futuro para traballar conxuntamente na calidade educativa desde a primeira idade.

A Escola Inclusiva é actualmente o marco teórico de referencia para enfocar a intervención ante a diversidade do alumnado. Desde esta filosofía considérase que o proceso de aprendizaxe das crianzas é unha consecuencia da súa inclusión no centro escolar. A escola inclusiva require necesariamente de apoios, entendidos dun xeito que asuma a intervención no propio contexto ordinario e a colaboración de todo o persoal da escola e a comunidade, así como dos propios compañeiros e compañeiras.

A situación da valoración inicial e o asesoramento aos profesionais das escolas infantís, con respecto ás nenas e nenos de 0-3 anos con necesidades específicas de apoio educativo resolveuse, en moitas comunidades autónomas, con creación duns Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica especializados en Atención Temperán que, dependentes da Administración educativa, desenvolven a súa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54935
Data envío: 24/11/2010 19:33:12.422

intervención nas escolas infantís. Este tipo de equipos nunca chegaron a funcionar en Galiza.

Logo do traballo realizado durante a anterior lexislatura desde a Administración galega xunto coa AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá) para deseñar un modelo de cribado nas escolas e a posta en marcha da formación para profesionais das escolas infantís baixo o título "Atención a nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo na escola infantil" compre dar continuidade a este traballo.


Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á creación dun Servizo de Apoio Psicopedagóxico para as Escolas Infantís que desenvolvan entre outras estas funcións:

1. Colaborar co persoal educativo das escolas infantís na identificación daquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar das nenas e dos nenos con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Facilitar a coordinación de cantos ámbitos interveñen na atención deste alumnado.
3. Asesorar aos profesionais educativos das escolas sobre as medidas psicopedagóxicas máis axeitadas para garantir unha verdadeira educación inclusiva do alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo."

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54935
Data envío: 24/11/2010 19:33:12.422

Deputada do G.P. do BNG.


Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/11/2010 19:17:30

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2010 19:17:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e da deputada **Tereixa Paz Franco** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral Xustiza e Interior**, relativa á mellora da dotación de Xulgados de Violencia de Xénero na Galiza e da atención no ámbito xudicial das vítimas de violencia machista.

Galiza conta na actualidade só con dous Xulgados de Violencia de Xénero emprazados nas cidades d'A Coruña e Vigo. Nos demais partidos xudiciais esta función é compartida cos Xulgados de Instrución ou Xulgados Mixtos de Primeira Instancia e Instrución. É coñecido (e recoñecido) que estes xulgados non contan coas instalacións e medios precisos para dar unha axeitada atención ás vítimas de violencia de xénero. Ate o extremo de dárense situacións certamente desagradábeis como atopárense cos seus agresores nos corredores ou mesmo nas salas de espera. Ademais o nivel de especialización e formación en materia de violencia de xénero do persoal é claramente inferior.

Existen na cámara galega acordo a necesidade de contar con Xulgados Especializados en Violencia de Xénero nas cidades de Ferrol, Santiago, Pontevedra, Lugo e Ourense. Sen embargo, nin o Goberno Central nin o Goberno Galego teñen atendido esta demanda.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A creación destes xulgados é a única maneira de garantir un trato e un servizo axeitado ás mulleres cando acoden a denunciar a súa situación de violencia machista. O Goberno ten o deber e a responsabilidade de proporcionar un trato sensibilizado acorde coa súa difícil e dura situación. Non é admisíbel que acudan a un Xulgado onde existen posibilidades de que se atopen cos seus maltratadores. É fundamental que se habiliten dependencias separadas para vítimas e agresores e que se avance na formación e especialización do persoal, pois sabemos que un trato profesional axeitado é clave nestas situacións.


Por outra parte a existencia de Xulgados especializados permite axilizar os casos e proporciona maior seguranza xurídica. Sabemos que os xulgados galegos teñen unha carga moi importante de traballo. Esta saturación limita a resposta inmediata e rápida da xustiza.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1º) Analizar a situación das mulleres vítimas de violencia machista que acoden aos Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, dos medios e dispositivos a disposición (pulseiras, medios forenses...) e o nivel de formación e especialización do persoal, adoptando as medidas necesarias para corrixir os déficits e problemas que se detecten.

2º) Acondicionar os Xulgados Mixtos para evitar que a vítima comparta sala de espera co seu agresor ou teña que atoparse nos corredores.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º) Creación, nas sete grandes cidades e en todos os partidos xudiciais con mais de tres xulgados mixtos, de Oficinas de atención as vítimas de violencia de xénero, coa dotación de persoal e medios materias suficientes para unha correcta atención.

4º) Chegar a un acordo co Goberno Central que permita a dotación de Xulgados Especializados en Violencia de Xénero nas cidades de Ferrol, Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense. Este acordo establecerá prazos concretos para a súa dotación e será remitido ao Parlamento de Galiza antes marzo de 2011.

Santiago de Compostela, 25 de Novembro de 2010

Asdo. Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz suplente do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/11/2010 12:26:24

María Tereixa Paz Franco na data 25/11/2010 12:26:31



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **María Concepción Burgo López**, e dos seus deputados, **Ricardo Varela Sánchez** e **Pablo Xabier López Vidal**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con motivo da apertura do novo hospital “Lucus Augusti”, a estrada da Fonsagrada, a LU-530, vaise converter, sen ningún xénero de dúbida, nun dos principais accesos a este centro sanitario.

Esta estrada que é de titularidade autonómica, está bordeada no concello de Lugo por dous importantes núcleos de poboación os barrios de Castelo de Arriba e de Castelo de Abaixo. Os seus veciños vense obrigados a cruzar a vía en numerosas ocasións, ben para coller o transporte urbano, ben sexa para outras accións propias da vida cotiá, co evidente perigo que isto supón polo risco de atropelos, tendo xa que lamentar, desgraciadamente, algún accidente mortal por este motivo.

A posta en funcionamento do novo hospital “Lucus Augusti” vai supoñer un notable incremento do tráfico rodado e peonil nesta vía e como consecuencia aumentará tamén o perigo de accidentes para a poboación destes núcleos, polo que é necesario poñer en marcha algunha acción que posibilite a maior seguridade viaria posible.

Por iso, presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a construír, cando menos, un paso elevado sobre a estrada LU-530, na zona dos barrios de Castelo de Arriba e Castelo de Abaixo do concello de Lugo co fin de aumentar a seguridade viaria dos habitantes destes barrios e evitar os accidentes que o aumento de tráfico fan previsibles.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez
Pablo Xabier López Vidal
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 25/11/2010 13:56:23

.....
Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 25/11/2010 13:56:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal na data 25/11/2010 13:56:33

.....
Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2010 13:56:37



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

O Hospital de Povisa desenvolveu e desenvolve un papel fundamental na asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dende hai tempo e debido as carencias de infraestruturas sanitarias na área sanitaria de Vigo, firmouse un concerto co Hospital de Povisa chamado concerto singular e que asinada unha poboación a Povisa como Hospital de referencia. Algunha zona de Vigo, do Val Miñor e do Morrazo teñen a poboación asinada a este Centro para a atención especializada. Sen dúbida que en moitos servizos ten un nivel de calidade asistencial homologable con calquera outro hospital.

Hai, sen embargo, unha diferenza manifesta con outros Hospitais do Sergas, incluídos os que máis esperas teñen, que é a difícil accesibilidade por listas de espera fóra das marxes de tolerancia nos Hospitais do Sergas.

Os doentes destas áreas que veñen sufrindo na práctica unha discriminación por ter asinado o citado hospital, merecían que se contemplase na planificación asistencial da Área Sanitaria de Vigo, un futuro de porta de entrada única para toda a poboación, tendo nesa Área o Hospital de Povisa dende logo un papel asistencial.

Por todo ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a contemplar unha planificación asistencial do novo Hospital de Vigo unha porta de entrada única con utilización complementaria de todos os hospitais e



Grupo Parlamentario

**unha mesma referencia especializada igual para toda a poboación da
área sanitaria de Vigo.**

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2010

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
José Tomé Roca

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 25/11/2010 17:11:07

María Carmen Acuña Docampo na data 25/11/2010 17:11:15

Beatriz Sestayo Doce na data 25/11/2010 17:11:22

José Tomé Roca na data 25/11/2010 17:11:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2010 17:11:33

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do presente escrito, solicítalle a **retirada da Proposición Non de Lei, con núm. de rexistro 22947.**

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/11/2010 13:08:55

Natalia Barros Sánchez na data 22/11/2010 13:09:29

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do presente escrito, solicítalle a **retirada da Proposición Non de Lei, con núm. de rexistro 32584.**

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 24/11/2010 16:48:01

Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/11/2010 16:48:38

Marta Rodríguez Arias na data 24/11/2010 16:48:54

Carlos Negreira Souto na data 24/11/2010 16:49:04

Paula Prado del Río na data 24/11/2010 16:49:23



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia urxente en Comisión 2ª**. do Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que veña dar conta do primeiro fracaso do Plan de viabilidade invernal que ten operativo a Xunta de Galicia para a principal arteria de comunicación da capital de Galicia con Ourense.

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 30/11/2010 10:23:02

Mar Barcón Sánchez na data 30/11/2010 10:23:08

María Remedios Quintas Álvarez na data 30/11/2010 10:23:12

Carmen Gallego Calvar na data 30/11/2010 10:23:17



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos Francisco Rivera, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce e José Luis Méndez Romeu, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 1ª, ao abeiro do disposto no artigo 144, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia en Comisión do Excmo. Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** para dar contas das principais liñas de actuación que ten pensado desenvolver no ano 2011, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na área de Interior e Emerxencias.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
José Luis Méndez Romeu
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/11/2010 18:45:35

José Manuel Lage Tuñas na data 24/11/2010 18:45:43

Beatriz Sestayo Doce na data 24/11/2010 18:45:50

José Luis Méndez Romeu na data 24/11/2010 18:45:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos Francisco Rivera, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López e José Tomé Roca, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 6ª, ao abeiro do disposto no artigo 144, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia en Comisión da Secretaria Xeral de Turismo**, para que explique no seo da Cámara os obxectivos e estratexias do Plan de Competitividade “Portas Abertas”, así coma cales son as actuacións e prazos de execución dos proxectos contemplados neste Plan.”

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
Concepción Burgo López
José Tomé Roca
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/11/2010 18:54:15

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/11/2010 18:54:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/11/2010 18:54:24

María Concepción Burgo López na data 24/11/2010 18:54:30

José Tomé Roca na data 24/11/2010 18:54:38



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Logo da publicación da Conta Xeral da Xunta de Galicia do ano 2009, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, como é tradicional nesta Cámara, por iniciativa da súa deputada e deputados **M^a José Caride Estévez, Abel Losada Alvarez, Ismael Rego González e José Manuel Gallego Lomba**, membros da Comisión 3^a Economía, Facenda e Orzamentos, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á **tramitación de comparecencia en Comisión** da Sr. conselleira de Facenda para explicar a Conta Xeral do exercicio 2009 e dar conta da execución orzamentaria do ano 2009.

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2010

Asdo.: M^a José Caride Estévez
Abel Losada Alvarez
Ismael Rego González
José Manuel Gallego Lomba
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 30/11/2010 9:59:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/11/2010 9:59:30

Ismael Rego González na data 30/11/2010 9:59:35

José Manuel Gallego Lomba na data 30/11/2010 9:59:41



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
María Concepción Burgo López e Ricardo Varela Sánchez,
deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos
Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do
Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte
pregunta para a súa resposta **oral en Comisión**.
.....

Consideramos que é innegable que a bimilenaria cidade de Lugo conta con importantes recursos turísticos: unha muralla romana que se mantén na súa totalidade declarada Patrimonio Mundial pola UNESCO, a declaración de Reserva da Biosfera das marxes do río Miño, un casco histórico con gran importancia patrimonial, unha gastronomía moi recoñecida, augas termais, centro do Camiño Primitivo...

A cidade conta tamén, dende a posta en marcha dun plan de excelencia, con servizos turísticos de calidade: un gran e moderno centro de recepción de visitantes, un centro de interpretación da muralla, tres pequenos museos onde se poñen en valor importantes restos romanos, actividades de éxito como o Concurso de Tapas o as visitas teatralizadas, tren turístico...

Unha activa política turística do Concello de Lugo, ademais do esforzo da iniciativa privada en hostalería e comercio, conseguiu que nos últimos anos o turismo na cidade se multiplicase, facendo de Lugo un destino cada vez mais consolidado.

Consideramos que Lugo é un activo moi importante para o turismo de Galicia o reunir tantas posibilidades: turismo cultural, de natureza, gastronómico, termal, relixioso, familiar..., por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Que actividades de promoción da cidade de Lugo puxo en marcha a Secretaría Xeral de Turismo no último ano e medio?



Grupo Parlamentario

2.^a) Puxo en marcha algún produto turístico novo na cidade de Lugo?

3.^a) Impulsou algún novo servizo turístico na dita cidade?

4.^a) Asinou algún acordo de colaboración co Concello de Lugo no eido do turismo?

5.^a) Cales foron os investimentos que fixo neste último ano e medio na cidade de Lugo a dita Secretaría?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/11/2010 11:49:55

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/11/2010 11:50:00



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Tomé Roca e Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Goberno de Galicia anunciou a través da Sra. Delegada en Lugo o pasado día 15 de novembro de 2010, que a Xunta poñerá en marcha este ano outros 9 programas de emprego na provincia de Lugo.

Destes programas, 8 serán obradoiros de emprego que xestionaran 10 concellos e unha Escola Obradoiro para o Inludes.

Os concellos beneficiados son os do Corgo e o Páramo que presentan unha proposta conxunta, os da Mancomunidade de municipios Río Ouro composta por Alfoz e Valadouro, Carballedo, Palas de Rei, Folgoso do Caurel, Abadín, Friol e Antas de Ulla.

No primeiro semestre de 2010 concedéranse na provincia 4 obradoiros de emprego para 4 concellos gobernados polo Partido Popular. Neste segundo semestre, igual que ocorreu no anterior, a totalidade dos oito concellos relacionados anteriormente están gobernados polo Partido Popular.

Esta é a primeira vez que en computo anual, o 100% dos obradoiros concedidos na provincia de Lugo pertencen a concellos gobernados polo mesmo partido, dándose a circunstancia de que no caso do concello de Palas de Rei aínda ten funcionando neste momento outro obradoiro que remata a finais de decembro, tendo que comezar o novo Obradoiro nas mesmas datas. Polo tanto, dase a casualidade que nalgún concello repiten nova concesión mentres que moitos outros quedan sen nada, aínda tendo un número de desempregados moito maior.

Polo que antecede, os deputados e deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Dado que a solicitude de obradoiros de emprego é aberta e para todo o ano, cantas solicitudes presentaron os concellos da provincia de Lugo en 2010?

2.ª) Cales foron os concellos solicitantes?

3.ª) Cales foron as valoracións dos proxectos presentados?

4.ª) Que concellos quedaron excluídos e por que?



Grupo Parlamentario

5.ª) Que criterios se tiveron en conta para conceder por casualidade, a totalidade dos obradoiros de emprego a concellos gobernados polo Partido Popular?

6.ª) Cales son as razóns polas que se lle concede ao concello de Palas de Rei un novo obradoiro cando aínda non rematou o anterior?

7.ª) Porque non se lle concedeu ningún obradoiro aos concello máis poboados e con máis desempregados para mellorar a súa empregabilidade?

8.ª) Ningún concello gobernado polo BNG ou polo Partido Socialista presentou un proxecto formativo axeitado que merecese ser concedido?

9.ª) Tiveron en conta o número de parados de cada concello e a formación para mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas?

10.ª) Como é posible que se no conxunto do ano 2010 concederon 12 obradoiros a concellos, todos foron para o Partido Popular, cando gobernan en pouco máis da metade dos concellos e só gobernan o 40% de poboación?

Pazo do Parlamento, a 14 de novembro de 2010

Asdo: José Tomé Roca
Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 22/11/2010 12:13:30

Modesto Pose Mesura na data 22/11/2010 12:13:49

Beatriz Sestayo Doce na data 22/11/2010 12:13:52

María Carmen Acuña Docampo na data 22/11/2010 12:14:18



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado temporal Becky ocasionou danos nas infraestruturas portuarias en diversos puntos do noso litoral, con especial gravidade nas provincias da Coruña e de Lugo.

Na Costa da Morte foi especialmente virulento no termo municipal de Camariñas afectando gravemente ás localidades e infraestruturas que están orientadas cara ao norte e ao pé do mar.

Especialmente graves foron os danos ocasionados no pequeno porto de Arou (Camelle) onde o mar moveu os bolos da ribeira desprazándoos ate as fincas próximas. No seu camiño arruinaron a estrada que comunica esta localidade con Camelle.

Non obstante, en Arou, deuse unha circunstancia que contribuíu a facilitar a acción dos elementos. Cando os servizos municipais do concello de Camariñas acudiron ao lugar onde os tombos de mar romperan a estrada e superaran a liña costeira dunha maneira tan acusada, atopáronse cunha gabia aberta a todo o longo da liña do coído e cunha retroexcavadora dunha empresa de construción que *“estaba a facer unha obra no porto de Arou por encargo de Portos de Galicia...”*

No concello non consta solicitude de licencia de obra para ningunha actuación de Portos de Galicia en Arou, non existe no lugar ningún cartel nin referencia á obra en cuestión, non hai comunicación oficial nin oficiosa sobre ningunha obra - nin tan sequera a través dos medios de comunicación - que indique quen, como, por que e con que orzamento se fan esas obras.

Podería pensarse que hai un empresario que se dedica a facer obras públicas por iniciativa propia, pero non parece probable. O que si está claro, pasado o temporal e analizado o lugar, que a retirada de grandes bolos do coído e a apertura dunha gabia a todo o longo do perímetro do mesmo para *“facer un muro”*, segundo o que manifestou o constructor, contribuíu grandemente a facilitar a acción do temporal que non atopou ningún obstáculo na súa senda destructora.

As deputadas e os deputados asinantes, diante destes feitos, queren saber:

1.^a) Autorizou Portos de Galicia, ou calquera outro organismo da Xunta de



Grupo Parlamentario

Galicia, obras no porto de Arou, no concello de Camariñas?

2.^a) En caso afirmativo, de que natureza?, con que orzamento?, con cargo a que partida orzamentaria?

3.^a) En que boletín, anuncio ou calquera dos medios legais habituais, se licitaron as obras en cuestión?

4.^a) Cantas empresas se teñen presentado para optar á súa realización?

5.^a) Que organismo se encarga da fiscalización e seguimento destas?

6.^a) Por que non se informou ao concello da realización das obras en cuestión e por que non se solicitou a correspondente licencia municipal?

7.^a) Que estudos ten feito a Xunta de Galicia sobre a morfoloxía do coído onde está situado o porto de Arou, sobre a incidencia que os temporais terían sobre a costa en caso de retirar os grandes bolos que conforman o borde litoral?

8.^a) De existir eses estudos, por que se autorizaron as obras nesta época do ano?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajés na data 22/11/2010 12:35:47

María José Caride Estévez na data 22/11/2010 12:35:51

José Manuel Gallego Lomba na data 22/11/2010 12:36:04

Francisco Cerviño González na data 22/11/2010 12:36:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 12:55
Nº Rexistro: 54717
Data envío: 22/11/2010 12:55:20.720

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de contidos e entrada en vigor do novo Decreto de Artes e Aparellos.

A Consellaría do Mar está a elaborar un novo Decreto (que substitúe o aínda vixente 424/1993) para a regulación da actividade pesqueira e as artes e aparellos de pesca autorizados en augas de competencia da Galiza.

Por este motivo, formúlanse as seguinte Preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:


1.^a) Recibiu alegacións procedentes do sector pesqueiro e marisqueiro no proceso de elaboración do novo Decreto?

2.^a) En caso positivo, cantas?

3.^a) De que entidades do sector se recibiron alegacións, e en que sentido en cada caso?

4.^a) Vai pasar o borrador do novo Decreto polo Consello Galego de Pesca?

5.^a) Cando se prevé a súa entrada en vigor?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 12:55
Nº Rexistro: 54717
Data envío: 22/11/2010 12:55:20.720

6.^a) Tense previsto contemplar neste novo decreto o recoñecemento legal de embarcacións auxiliares de marisqueo?

7.^a) Considera a Consellaría do Mar suficiente un período transitorio de seis meses para a adaptación das artes de pesca e marisqueo actualmente existentes ao disposto no novo decreto?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 12:49:53



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López, Ricardo Varela Sánchez, Ismael Rego González, José Tomé Roca e Sonia Verdes Gil, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O novo Hospital Lucus Augusti é unha infraestrutura absolutamente necesaria para a cidade e a provincia de Lugo. A súa apertura leva xa un ano e medio de atraso a causa da xestión da Consellería de Sanidade, pero o que aínda é mais grave é que o novo Hospital abrirá sen ningunha ampliación de servizos fundamentais que foron, ademais, prometidos tanto polo presidente Feijóo como pola conselleira de Sanidade.

Así, a data de hoxe, a poucos días de comezar, segundo as noticias da consellería, o traslado, non está nin tan sequera licitada a infraestrutura necesaria para os servizos de hemodinámica, medicina nuclear e radioterapia.

O Hospital de Lugo é o único hospital de capital de provincia que non conta con estes servizos esenciais en calquera hospital moderno, o que obriga a miles de pacientes a trasladarse á Coruña ou Santiago para recibir os tratamentos necesarios.

Tanto o presidente da Xunta como a conselleira de Sanidade non deixan de declarar que o novo Hospital de Lugo será unha das máis moderna infraestruturas de España e que terá estes novos servizos pero non queren dicir en que datas estarán en uso e os mesmos traballadores do hospital non cren que os lucenses teñan estes servizos esenciais no próximo ano.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



Grupo Parlamentario

1.^a) Terá o novo Hospital Lucus Augusti os servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear?

2.^a) Está licitada a infraestrutura necesaria para poñer en marcha estes servizos?

3.^a) Vaise contratar novo persoal en estas especialidades?

4.^a) Cando se poñerán en marcha no novo Hospital Lucus Augusti da cidade de Lugo os servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear?

5.^a) Teñen calculado que número de pacientes de Lugo e a súa provincia teñen que seguir desprazándose para ser tratado das súas enfermidades?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez
Ismael Rego González
José Tomé Roca
Sonia Verdes Gil

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


María Concepción Burgo López na data 22/11/2010 13:07:24

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/11/2010 13:07:27

Ismael Rego González na data 22/11/2010 13:07:31

José Tomé Roca na data 22/11/2010 13:07:41

Sonia Verdes Gil na data 22/11/2010 13:07:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 13:52
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 22/11/2010 13:52:27.607


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que se adoptarán para protexer o meixón na Galiza.

Diversos estudos alertan dos riscos que ameazan a pervivencia do meixón (alevín da anguía) e, daquela, a explotación comercial desta especie. Detéctanse así aqueles elementos que se consideran máis prexudiciais para a viabilidade do meixón, como son, ademais da sobreexplotación en fase larvaria, os seguintes (responsabilidade exclusiva das administracións públicas):

- a) Construción de encoros que, á marxe doutras afeccións, non tiveron en conta as especies que antes remontaban os ríos (singularmente as anguías femias), provocando así a práctica desaparición desta especie no interior do noso país.
- b) Contaminación de rías e ríos, afectando non só ás anguías, senón que tamén ao seu alimento.
- c) Outros impactos, caso dos recheos que sen control se están a realizar nas rías.

Cumpre, neste contexto, que o Goberno galego adopte medidas concretas que protexan este recurso.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 13:52
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 22/11/2010 13:52:27.607

Así, por exemplo, a posibilidade de habilitar mecanismos que permitan a remontada dos encoros por parte dos meixóns, ou que as turbinas das centrais hidroeléctricas paren na época de descenso das anguías para o desove, son accións que repercutirán de xeito moi positivo na protección e recuperación desta especie. Ao tempo, a mellora das condicións ambientais nos ríos e rías, eliminando os episodios de contaminación que lamentablemente se producen con exaxerada frecuencia, son medidas imprescindíbeis.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que avaliación realiza o Goberno galego sobre a situación do meixón e a anguía na Galiza?

2.^a) Cales son, a xuízo do Goberno galego, os riscos que ameazan esta especie?


3.^a) Que medidas concretas ten previsto adoptar na súa defensa?

4.^a) Cal é a evolución, nos últimos dez anos, na expedición de licenzas para a captura de meixón na Galiza?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 13:52
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 22/11/2010 13:52:27.607

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 13:50:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54752
Data envío: 22/11/2010 18:34:49.435

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación que presenta a Enseada de Larache, en Vilaboa, no tocante á calidade das súas augas, o seu impacto sobre a actividade marisqueira e ás medidas que se adoptarán por ese motivo.

O Diario Oficial de Galiza publicaba o 28 de Xullo a Orde da Consellaría do Mar do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza.

Segundo a nova clasificación, empeora a calidade das augas en varios puntos do litoral do noso país. Singularmente no caso da Enseada de Larache (zona delimitada pola liña imaxinaria que une punto Ullo, illa Erbedosa Leste e a zona sul do viveiro de Fonte Mollada, cara ao interior da ría), no fondo da ría de Vigo, zona aproveitada nos correspondentes planos de explotación de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade e da Asociación de Mariscadores “Pedra de Oliveira” de Vilaboa. Aproximadamente 170 mariscadoras a pé. Esta zona pasa a ser declarada como zona C a efectos de produción marisqueira. Isto é, non se permite a comercialización do marisco extraído nesta área nin con proceso de depuración.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54752
Data envío: 22/11/2010 18:34:49.435

O impacto desta nova clasificación alcanza a moitos profesionais do marisqueo, e certifica a parálise da administración galega na adopción de medidas reais, non aparentiais nin propagandísticas, de mellora da calidade das augas deste banco marisqueiro.


Neste contexto, o Goberno galego debe garantir, con carácter de urxencia, unha programación prioritaria de actuacións de saneamento e depuración no fondo da ría de Vigo, eliminando focos e verteduras contaminantes sobre a ría e sobre os ríos que nela desembocan, mellorando o funcionamento da depuradora de Arcade, e acometendo, en fin, todas as actuacións precisas para evitar que máis zonas da ría sexan declaradas como C, para que canto antes a Enseada de Larache torne á súa anterior clasificación (B), de cara a acadar, en toda a ría, a desexada clasificación como Zona A.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Cales son as causas do empeoramento da situación que padece a Enseada de Larache no tocante á calidade das súas augas?

2.^a) Que medidas concretas se adoptarán en materia de saneamento, depuración e erradicación de focos contaminantes no fondo da ría de Vigo, en que prazos concretos, e con que actuacións concretas en cada un dos puntos deste litoral?

3.^a) Hai riscos de que outras zonas do fondo da ría de Vigo sexan declaradas Zona C?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


4.ª) Ten previsto o Goberno galego subscribir algún tipo de convenio coa Confraría de Arcade e Asociación “Pedra de Oliveira”, a fin de que as mariscadoras a pé afectadas por esta situación perciban algún tipo de compensación, vinculada a traballos de recuperación marisqueira?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 17:42:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54753
Data envío: 22/11/2010 18:42:00.364

Á Mesa do Parlamento


Alfredo Suárez Canal e María Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a publicidade da Secretaría Xeral de Medios.

En diversos medios de comunicación de Galiza apareceron noticias en relación coa publicidade da Xunta, en concreto a través da Secretaría Xeral de Medios, que provocan enorme preocupación. Polas acusacións que alí se verten, pero tamén pola case nula resposta da Xunta e do seu Presidente que mesmo podería dar a entender que as afirmacións dos medios de comunicación poderían sustentarse en realidades comprobables, parece pois, necesario aclarar todos os extremos dos contratos e facturas de publicidade que a Xunta de Galiza ten producido. Non podemos perder de vista que as acusacións son de groso calibre:

- Posible trato de favor.
- Posible vulneración da Lei de incompatibilidades
- Posible destino de moitos recursos públicos a contratar publicidade con empresas non galegas.

Ante isto, para aclarar todo o ocorrido, queremos formular as seguintes preguntas:

1.ª) Cal é o listado desglosado de todos os contratos de publicidade feitos pola Secretaría Xeral de Medios?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54753
Data envío: 22/11/2010 18:42:00.364

2.^a) Cales son as empresas e cuantías dos beneficiarios?

3.^a) Que gastos e facturas menores e de outra índole ten abonado a Secretaría Xeral de Medios destinados a empresas de publicidade? Cal é o desglose dos mesmos?

4.^a) Que convenios ten asinado a Secretaría Xeral de Medios con empresas de publicidade? Cal é o desglose dos mesmos por cuantías, empresas e obxecto?

5.^a) Cantos contratos, convenios ou facturas ten realizado a Xunta con empresas de publicidade con sede social non situada en Galiza? Cal é o desglose dos mesmos por cuantías, empresas e obxecto?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Alfredo Suárez Canal na data 22/11/2010 18:40:42

María Tereixa Paz Franco na data 22/11/2010 18:40:48



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa reposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de Núñez Feijóo vén sendo a demostración dun gran fraude escenificado nunha campaña electoral onde, como hoxe queda demostrado, o hoxe presidente e o PP fixeron compromisos con escasa e nula vontade de ser cumpridos. O famoso contrato que Feijóo firmaba con Galicia quedou en papel mollado unha vez chegado o ecuador da lexislatura.

Se isto é unha evidencia en Galicia, na cidade de Ferrol pode amosarse unha proba irrefutable do incumprimento fragrante das promesas electorais que Feijóo afirmaba na campaña electoral e mesmo que publicitaba nos medios de comunicación. A día de hoxe a cidadanía ferrolá sabe que o goberno do PP é a consolidación dun gran fraude.

O sorprendente é que non satisfeitos co descubrimento da gran mentira electoral o goberno Feijóo segue empeñado nunha absurda fuxida cara adiante que ten levado ao teatro do absurdo como é bo exemplo a visita recente de dous conselleiros, Señor Rueda e o Señor Guerra, á cidade de Ferrol con ocasión dunha xuntanza ca Asociación Impulsora do Plan Ferrol.

Tal é o absurdo que nun documento oficial da Xunta de Galicia repartido na visita, o goberno de Núñez Feijóo afirma:

“De todos estes compromisos, estarían cumpridos os seguintes:

- Construír un muelle trasatlántico, club náutico e porto deportivo en Caranza.
- Crear o Museo da Natureza de Galicia (Consellería do Mar).
- Crear un Centro de Promoción Turística Comarcal.”

entre outros compromisos que tamén afirma, de forma falsa, ter cumpridos.



Grupo Parlamentario

En virtude do exposto, a deputada asinante formula a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia


A Xunta de Galicia pretende executar a obra de desdoblamento da estrada PO-542 (Ponte Bora – O Pino) para dar acceso ao futuro hospital público-privado de Pontevedra, situado en Monte Carrasco.

No Diario Oficial de Galicia do 13 de agosto de 2010 se publica o Decreto polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto de trazado.

As afeccións producidas por esta infraestrutura de comunicación, sobre toda nas parroquias de Marcón e Tomeza, induciron a presentación de 2.300 sinaturas que cuestionan a mesma.

Unha actuación que tampouco conta coa aprobación do Concello de Pontevedra xa que contradí as previsións do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal que limita o ancho da estrada a metade do previsto pola Consellería de Ordenación do Territorio.

Tendo en conta o rexeitamento que esta obra de ampliación está a suscitar entre os veciños/as afectados/as, e polo que os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que estado se encontra a tramitación desta obra de ampliación da actual estrada PO-542, para dar acceso ao novo hospital de Pontevedra?
2. Mantivo a Consellería responsable algún tipo de contacto cos afectados polas expropiacións previstas para materializar esta actuación?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Pensa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas procurar un achegamento de posturas, na actualidade diverxentes, co Concello de Pontevedra que ve atropelado o seu planeamento urbanístico nesta zona da cidade do Lárez?
4. Valora a Consellería a posibilidade de modificar o trazado previsto para esta actuación que responde mais a un capricho que unha necesidade?


Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Guillermo Meijón Couselo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 24/11/2010 13:22:44

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 24/11/2010 13:22:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 13:33
Nº Rexistro: 54851
Data envío: 24/11/2010 13:33:16.098

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


A unha pregunta formulada por esta deputada sobre a execución pola Asociación de Veciños de Santa Eulalia, de Valdoviño, das obras necesarias para a reposición ao seu estado anterior dos terreos afectados polas obras realizadas no ano 2004, por esa Asociación, sen autorización no lugar de Monte de Prados-Limpeiro, no concello de Valdoviño, dentro do espazo natural Costa Ártabra, da Rede Natura 2000, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resposta que o proxecto de execución da rexeneración da área escavada, Monte de Prados, concello de Valdoviño, non está executada na súa totalidade e, en consecuencia, procede a execución forzosa da resolución do 16 de novembro de 2005 mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables periodicamente ata lograr a execución polo suxeito obrigado (Asociación de Veciños de Santa Eulalia de Valdoviño, A Frouxeira).

Polo anterior presentamos as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas multas coercitivas se levan imposto á mencionada Asociación?
- 2.^a) Tense feito efectivo o cobro de algunha delas? En caso afirmativo, de cantas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 13:33
Nº Rexistro: 54851
Data envío: 24/11/2010 13:33:16.098

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 24/11/2010 13:30:43



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Carmen Acuña do Campo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Claustro de Profesores do IES de Cacheiras do concello de Teo ten remitido un escrito á Consellería de Educación por cuestións que entendemos relevantes e das que temos que destacar o recorte de docentes que sofre o centro no presente curso escolar 2010-2011.

Estas son as razóns polas que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios e as razóns polas que o IES de Cacheiras, no curso 2010-2011, ve reducido o seu cadro de persoal en catro docentes?
2. Considera a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que tal redución non afecta a calidade educativa impartida no citado centro?
3. É certo que as aulas da ESO do IES Cacheiras están masificadas e que mesmo varias delas contan con máis de 25 alumnos e alumnas que é o número máximo recomendado?
4. É certo que esta situación ocorre igualmente coas aulas de Bacharelato e mesmo con máis de 30 alumnos e alumnas?
5. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten constancia do incremento de profesores non especialistas que teñen que impartir materias afíns moitas veces afastadas do seu ámbito de coñecemento?



Grupo Parlamentario

6. Esta é a fórmula coa que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende incrementar as taxas de éxito escolar e diminuír o abandono do mundo educativo? Que ocorre co plan que progresivamente trataba de conseguir desdobres das aulas nas materias de especial dificultade alá onde se deran as circunstancias que o fixeran aconsellable?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Carmen Acuña do Campo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 24/11/2010 13:39:58

María Carmen Acuña Docampo na data 24/11/2010 13:40:04

María Concepción Burgo López na data 24/11/2010 13:40:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2010 13:40:13

Francisco Cerviño González na data 24/11/2010 13:40:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 29 de xaneiro de 2010 a Consellería de Traballo e Benestar comprometía en Vilalba a construción dunha nova escola infantil, asegurando a reserva dunha partida orzamentaria de 961.000 euros para tal fin, avanzando que a nova gardería podería estar en funcionamento no ano 2011.

Malia o compromiso da Conselleira de Traballo e Benestar, nos orzamentos para o ano 2011 da Consellería de Traballo non figura a dotación orzamentaria necesaria para a construción e a dotación de equipamentos da nova escola infantil, por iso a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

¿Qué xestións ten feito o goberno galego a fin de dotar ó Concello de Vilalba dunha nova escola infantil, en cumprimento do compromiso acadado pola Conselleira de Traballo e Benestar co Concello de Vilalba?

1.^a) Cal é a dotación e a partida orzamentaria destinada para tal fin?

2.^a) Cando ten previsto iniciar as obras de construción do novo edificio que albergará a nova escola infantil?

3.^a) Cando ten previsto o Goberno galego que entre en funcionamento a nova escola infantil no Concello de Vilalba?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 13:39:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:01
Nº Rexistro: 54902
Data envío: 24/11/2010 17:01:55.440

Á MESA DO PARLAMENTO


Carlos Aymerich Cano e Bieito Lobeira Domínguez, deputados pertencentes ao **GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa aos problemas xerados na praia de Laxe pola alteración das correntes tras do último alargamento do dique de Laxe.

As últimas obras realizadas por Portos de Galiza en 1988 no dique do porto de Laxe semella ter modificado as correntes con grave dano para a praia, con arrastre de grandes cantidades de area cara a parte occidental da praia, anulando a vista do mar desde o paseo marítimo desde a parte oriental, coñecida como “Cabo Area”. Este movemento da masa da area afecta tamén seriamente a manobrabilidade das embarcacións ao se formaren baixíos de area no fondo.

Ainda máis: a alteración das correntes provoca fortes ondaxes no interior da dársena de Laxe privando ao dique de abrigo de grande parte da súa eficacia.

E, polo demais, o movemento das masas de area depositadas na praia afecta á rede de saneamento, provocando atascos e asulagamentos tanto no paseo marítimo como nas rúas principais de acceso á vila de Laxe.

Á vista desta situación, formúlanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:01
Nº Rexistro: 54902
Data envío: 24/11/2010 17:01:55.440

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para corrixir a alteración de correntes provocada polo alargamento do dique de Laxe? En concreto, que medidas vai tomar para corrixir os arrastres de area cara a parte occidental da praia e o fondo mariño?

E para evitar os danos que a area está a provocar, en forma de atascos e asulagamentos, sobre a rede de saneamento e viaria de Laxe?

E para asegurar o abrigo das embarcacións atracadas ou fondeadas na dársena de Laxe?

En definitiva, está a estudar a Xunta as modificacións precisas no porto de Laxe para, previos os estudos hidrodinámicos precisos, solucionar definitivamente os problemas provocados pola alteración das correntes en Laxe?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2010 16:58:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:01
Nº Rexistro: 54902
Data envío: 24/11/2010 17:01:55.440

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 16:58:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil e Ismael Rego González, deputada e deputado pertencentes ao Grupo **Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No concello de Alfoz a Consellería de Medio Rural ten iniciados dous procesos de concentración parcelaria, que afectan ás parroquias de Pereiro-Oirás e ao Val de Alfoz, sendo aprobado o decreto polo que se declaraba de utilidade pública e execución urxente xa a finais dos anos 90.

Os gobernos Fraga non foron quen de iniciar o proceso de concentración que afectaba a este Concello da Mariña Luguesa de importante actividade gandeira e agraria, e foi o anterior Goberno, presidido polos socialistas, o que impulsou definitivamente o proceso e comezou a execución das obras, realizando os primeiros movementos de terras e a apertura e acondicionamento da rede de camiños de concentración.

Non obstante, unha vez que o Goberno de Feijoo accedeu á presidencia da Xunta de Galicia, paralizáronse todas as actuacións, de xeito que durante case dous anos non se ten producido ningún avance do proceso, co consecuente prexuízo para os veciños e as veciñas.

Nun contexto no que os orzamentos da Xunta de Galicia descenden no seu conxunto, a Consellería de Medio Rural é unha das grandes sacrificadas e o medio rural o discriminado coas políticas do PP, recortando na orde dun 57% o investimento real nos programas de reordenación das estruturas agrarias, de xeito que se compromete non só o inicio de novos procesos de concentración parcelaria senón que se compromete a continuación e o remate das concentracións xa iniciadas en zonas de especial interese agrogandeiro como é o caso das afectadas no concello de Alfoz, feito que preocupa fondamente aos veciños e ás veciñas.



Grupo Parlamentario

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal é o motivo polo que se paralizaron as obras de concentración parcelaria que afectan ás parroquias de Pereiro-Oirás e ao Val de Alfoz no concello de Alfoz?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.^a) Cando ten previsto a Consellería de Medio Rural continuar coas obras de concentración que afectan ás parroquias do concello de Alfoz?

3.^a) Que dotación orzamentaria hai consignada para tal fin para o exercicio do 2011?

4.^a) Que prazos contempla a Consellería de Medio Rural para rematar os procesos de concentración parcelaria pendentes no concello de Alfoz e proceder á entrega dos títulos de propiedade das novas parcelas?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Ismael Rego González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 17:38:01

Ismael Rego González na data 24/11/2010 17:38:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, Carmen Gallego Calvar, Carmen Cajide Hervés e Silvia Fraga Santos, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7ª**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, está informando aos gandeiros e ás gandeiras sobre unha proposta de resolución de determinación do canon de saneamento, de xeito que se lles aplicará o canon de saneamento, aínda vixente polo consumo da auga na modalidade de volume, con carácter retroactivo dende o 15 de abril de 2006.

O Goberno de Feijóo o que pretende é cobrarlles aos gandeiros e ás gandeiras que teñen traídas veciñais e pozos particulares, nun momento no que as explotacións galegas están a soportar unha fonda crise, un canon de saneamento inxusto e abusivo cando a Administración non lles presta ningún servizo, máis aínda cando acaba de aprobarse unha Lei de augas que establece novas taxas, que prexudicarán aos veciños e ás veciñas do rural

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal é o motivo polo que se procede neste momento á notificación da proposta de resolución de determinación do canon de saneamento aos gandeiros e ás gandeiras?

2.^a) Que valoración fai o Goberno galego respecto da devandita proposta de resolución, cando o que pretende é cobrarlles os gandeiros e ás gandeiras un canon sen prestarlles ningún servizo?

3.^a) Cantos gandeiros e gandeiras están sendo notificados?

4.^a) Cantos gandeiros e gandeiras se verán afectados pola devandita resolución de chegar a facerse efectiva?



Grupo Parlamentario

5.^a) Cal é o nivel de recadación que ten previsto acadar con esta medida?

6.^a) Canto estima recadar o Goberno galego pola prevista aplicación do canon de saneamento aos gandeiros e ás gandeiras?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Carmen Gallego Calvar
Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 17:51:24

Carmen Gallego Calvar na data 24/11/2010 17:51:28

Maria del Carmen Cajide Herves na data 24/11/2010 17:51:33

Silvia Belén Fraga Santos na data 24/11/2010 17:51:37



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Tomé Roca, María Quintas Álvarez, Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de Galicia anunciou a través da Sr. delegado en Ourense, o pasado día 27 de outubro en rolda de prensa, que a Xunta poñerá en marcha este ano outros 16 programas de emprego na provincia de Ourense. Estes 16 programas de Obradoiros de Emprego serán xestionados por outros tantos concellos.

Os concellos beneficiados son os de (Cartelle, Ramiras e Vereas), Viana do Bolo, Padrenda, A Gudiña, Sandiás, (Paderne de Allariz, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, San Cibrao das Viñas e Parada do sil), Pobra de Trives, Lobeira, Boborás, Beariz, Baños de Molgas, Gomesende, Vilamartín de Valdeorras, Bolo, Mancomunidade Terra de Celanova e Verín.

Esta é a primeira vez que en computo anual, practicamente o 100% dos obradoiros concedidos na provincia de Ourense pertencen a concellos gobernados polo mesmo partido, que non é outro que o Partido Popular, aínda sen gobernar a maioría da poboación.

Polo que antecede, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Dado que a solicitude de Obradoiros de Emprego e aberta e para todo o ano, cantas solicitudes presentaron os concellos da provincia de Ourense en 2010?

2.ª) Cales foron os concellos solicitantes?

3.ª) Cales foron as valoracións dos proxectos presentados?

4.ª) Que concellos quedaron excluídos e porque?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) Que criterios se tiveron en conta para conceder por casualidade, a totalidade dos Obradoiros de Emprego a concellos gobernados polo Partido Popular?

6.^a) Porque non se lle concedeu ningún Obradoiro directo ós concellos mais poboados e con mais desempregados para mellorar a súa empregabilidade?

7.^a) Ningún concello gobernado polo BNG ou polo Partido Socialista presentou un proxecto formativo axeitado que merecera ser concedido?

8.^a) Tiveron en conta o número de parados de cada concello e súa formación para mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas?

9.^a) Como e posible que si no conxunto do ano 2010 concederon 16 obradoiros a concellos, practicamente todos foron para o Partido Popular, cando gobernan en menos da metade da poboación?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo: José Tomé Roca
María Quintas Álvarez
Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña Docampo
Beatriz Sestayo Doce


Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 24/11/2010 18:28:56

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/11/2010 18:29:02



 Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 24/11/2010 18:29:08

María Carmen Acuña Docampo na data 24/11/2010 18:29:15

Beatriz Sestayo Doce na data 24/11/2010 18:29:18

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Tomé Roca, María Quintas Álvarez, Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O Goberno de Galicia anunciou a través da Sr. delegado en Ourense, o pasado día 27 de outubro en rolda de prensa, que a Xunta poñerá en marcha este ano outros 16 programas de emprego na provincia de Ourense. Estes 16 programas de Obradoiros de Emprego serán xestionados por outros tantos concellos.

Os concellos beneficiados son os de (Cartelle, Ramirás e Vereas), Viana do Bolo, Padrenda, A Gudiña, Sandiás, (Paderne de Allariz, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, San Cibrao das Viñas e Parada do Sil), Pobra de Trives, Lobeira, Boborás, Beariz, Baños de Molgas, Gomesende, Vilamartín de Valdeorras, Bolo, Mancomunidade Terra de Celanova e Verín.

Esta é a primeira vez que en computo anual, practicamente o 100% dos obradoiros concedidos na provincia de Ourense pertencen a concellos gobernados polo mesmo partido, que non é outro que o Partido Popular, aínda sen gobernar a maioría da poboación.

Polo que antecede, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Dado que a solicitude de Obradoiros de Emprego é aberta e para todo o ano, cantas solicitudes presentaron os concellos da provincia de Ourense en 2010?

2.ª) Cales foron os concellos solicitantes?

3.ª) Cales foron as valoracións dos proxectos presentados?

4.ª) Que concellos quedaron excluídos e por que?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) Que criterios se tiveron en conta para conceder por casualidade, a totalidade dos Obradoiros de Emprego a concellos gobernados polo Partido Popular?

6.^a) Porque non se lle concedeu ningún Obradoiro directo aos concellos máis poboados e con máis desempregados para mellorar a súa empregabilidade?

7.^a) Ningún concello gobernado polo BNG ou polo Partido Socialista presentou un proxecto formativo axeitado que merecese ser concedido?

8.^a) Tiveron en conta o número de parados de cada concello e a súa formación para mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas?

9.^a) Como e posible que se no conxunto do ano 2010 concederon 16 obradoiros a concellos, practicamente todos foron para o Partido Popular, cando gobernan en menos da metade da poboación?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo: José Tomé Roca
María Quintas Álvarez
Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña Docampo
Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 24/11/2010 18:39:39

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/11/2010 18:39:45



Grupo Parlamentario


Modesto Pose Mesura na data 24/11/2010 18:39:52

María Carmen Acuña Docampo na data 24/11/2010 18:39:58

.....
Beatriz Sestayo Doce na data 24/11/2010 18:40:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54934
Data envío: 24/11/2010 19:32:36.173

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Desde o ano 1990 coa aprobación da LOXSE a educación infantil pasa a concibirse como unha etapa educativa. Desaparece a concepción asistencial de atención aos nenos e nenas e ábrese un futuro para traballar conxuntamente na calidade educativa desde a primeira idade.

A Escola Inclusiva é actualmente o marco teórico de referencia para enfocar a intervención ante a diversidade do alumnado. Desde esta filosofía considérase que o proceso de aprendizaxe das crianzas é unha consecuencia da súa inclusión no centro escolar. A escola inclusiva require necesariamente de apoios, entendidos dun xeito que asuma a intervención no propio contexto ordinario e a colaboración de todo o persoal da escola e a comunidade, así como dos propios compañeiros e compañeiras.

A situación da valoración inicial e o asesoramento aos profesionais das escolas infantís, con respecto ás nenas e nenos de 0-3 anos con necesidades específicas de apoio educativo resolveuse, en moitas comunidades autónomas, con creación duns Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica especializados en Atención Temprán que, dependentes da Administración educativa, desenvolven a súa intervención nas escolas infantís. Este tipo de equipos nunca chegaron a funcionar en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Logo do traballo realizado durante a anterior lexislatura desde a Administración galega xunto coa AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá) para deseñar un modelo de cribado nas escolas e a posta en marcha da formación para profesionais das escolas infantís baixo o título "Atención a nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo na escola infantil" compre dar continuidade a este traballo.

Polo isto, formúlanse as seguintes preguntas:


1. Que accións puxo en marcha o Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0-3 anos?
2. Que accións puxo en marcha o Goberno galego para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?
3. Que accións porá en marcha o Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0-3 anos?
4. Que accións porá en marcha o Goberno galego para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54934
Data envío: 24/11/2010 19:32:36.173

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/11/2010 19:24:01

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2010 19:24:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.


No expediente de solicitude autorización de vertido de augas residuais urbanas ao mar-cunca da ría de Cederia (desembocadura do río Ferreira) procedentes do saneamento da parroquia de Vilarrube, concello de Valdoviño, figura un informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza no que se afirma: *“O río Ferreira carece dun caudal suficiente, xa que o encoro das Forcadas non mantén o caudal ecolóxico mínimo suficiente”*.

No mesmo expediente outro informe, emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, asevera: *“O río Ferreiras no verán, practicamente non ten caudal na marea baixa, toda vez que parte do seu caudal recóllese nun encoro”*.

Na directiva Marco da Auga o réxime de caudais constitúe un dos aspectos básicos para acadar e manter o bo estado ecolóxico dos ríos.

Polo anteriormente exposto, formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Sendo coñecedora a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da mala situación na que se atopa o río Ferreira como consecuencia da ausencia de caudal ecolóxico suficiente no encoro das Forcadas,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

¿ten adoptado esa Consellería algunha medida para correxir a situación do río Ferreira?

2ª) En caso afirmativo, ¿que medidas ten adoptado?

3ª) En caso negativo, ¿non considera necesario a Consellería que o río Ferreira conte con ese caudal ecolóxico mínimo suficiente?.


Santiago de Compostela, 24 de Novembro de 2010

Asdo. Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 25/11/2010 10:28:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:11
Nº Rexistro: 54950
Data envío: 25/11/2010 11:11:25.147

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación do novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán.


Nos acordos Xunta-Endesa-Sindicatos de 1997 (Plano de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes) figuraba, dentro das actuacións máis relevantes no ámbito das infraestruturas viarias, o novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán.

No ano 1998 tivo lugar a sinatura do protocolo de colaboración entre o MINER e a Xunta de Galiza para a Promoción do Desenvolvemento Económico Alternativo das Zonas Mineiras do Carbón, no que, na cláusula segunda, se recollía o acondicionamento do acceso As Pontes-Polígono Airíos-Momán, incluído na primeira fase do plan (1998-1999).

No mesmo ano, a Deputación da Coruña aprobaba o Plano 2000 de Estradas, no que figuraba a CP 7001 As Pontes-Momán, cun orzamento duns 0,9 M€, incluíndo expropiacións e servizos afectados.

No 1999 procedeuse á sinatura do convenio de colaboración específico, entre a Consellería de Industria e o Ministerio de Industria, de vixencia até o 2001.

Finalmente, e despois de anulacións e novos convenios, execútase o proxecto “Variante Acceso dos Airíos”, de 1,3 quilómetros, calzada de 10,5 m, dous carrís de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:11
Nº Rexistro: 54950
Data envío: 25/11/2010 11:11:25.147

3,5 m e unha vía lenta de 3,5 m, cun orzamento duns 0,65 M€.

En 2005 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas requiría da Dirección Xeral de Obras Públicas resposta para a inclusión da actuación “Mellora da estrada Airíos-Momán (subvencionado 4 M€ sobre do orzamento)” na modificación do Anexo ao Protocolo de Colaboración entre o Ministerio de Industria e a Xunta, no marco do Plan do Carbón.


Entre os anos 2003 e 2006, o Concello das Pontes e as AAVV dirixen escritos á Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (con posterioridade, Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes), solicitando melloras nas diferentes estradas do termo municipal, entre as que figuraba a DP 7001 As Pontes-Momán, polo seu carácter estratéxico de conexión coa A6 e Santiago.

No novo Plan do Carbón 2006-2012, para o período 2006-2007 figuraban 0,2 M€ (80% para o IRCM e 20% para a Xunta) destinados á elaboración do proxecto construtivo da estrada Airíos-Momán, namentres que no bienio 2008-2009 ascendía a 1,0 M€ (75% IRMC e 25% Xunta) a cantidade para dita estrada.

Por outra banda, 50.000 € dos orzamentos da Xunta para 2010 estaban adicados á meritada infraestrutura, cuantía que foi emendada polo BNG até os 0,2 M€, mais rexeitada polo PP.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG, realiza as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1º) Ten redactado a Xunta o proxecto construtivo da estrada Airíos-Momán?; de ser o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:11
Nº Rexistro: 54950
Data envío: 25/11/2010 11:11:25.147

caso, cal é o seu estado de tramitación administrativa?.

2º) Fixo xestións a Xunta diante das Deputacións da Coruña e Lugo, propietarias da estrada?; de ser o caso, cales e con que resultados?.

3º) Cal é a previsión da Xunta para o comezo das obras?; e para o seu remate?.

4º) Cal é o estado de execución dos compromisos económicos do IRCM a respecto da meritada infraestrutura?.

5º) Cal ou cales son as causas do retraso?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/11/2010 11:01:33

Teresa Táboas Veleiro na data 25/11/2010 11:01:38



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín e Yolanda Díaz Lugilde deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Con data 21 de outubro do 2010 otorgouse a escritura de Fusión mediante a absorción de Sanidad Animal y servicios Ganaderos S.A. (TRAGSEGA), Sociedade Absorbida, por parte de Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. (TRAGSATEC), Sociedade Absorbente.

Como consecuencia da fusión a sociedade absorbente adquiriu en bloque a título universal a totalidade dos elementos patrimoniais integrantes do Activo e do Pasivo de TRAGSEGA, quedando plenamente subrogada en canto a dereitos e obrigas procedan da absorbida, conforme a Lei.

A consecuencia disto, TRAGSEGA quedará disolta e extinguida a partires da data de inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, subrogándose TRAGSATEC en todo o referente ao patrimonio, actividades e negocios da absorbida a partires de dita data.

En relación a este asunto, as deputadas asinantes, formulan a seguintes preguntas:

- 1.- ¿Como valora a Consellería de Medio Rural a repercusión que terá no sector a absorción de TRAGSEGA por parte de TRAGSATEC?
- 2.- ¿Cal é a vinculación da Xunta de Galicia e TRAGSEGA?



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

- 3.- En caso de haber vinculación entre a Xunta de Galicia e TRAGSEGA, ¿cómo afectará a Fusión as relacións existentes?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

María Emma Álvarez Chao na data 25/11/2010 13:26:55

Rosa Oubiña Solla na data 25/11/2010 13:27:02

María Isabel García Pacín na data 25/11/2010 13:27:11

Yolanda Díaz Lugilde na data 25/11/2010 13:27:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado día 28 de outubro o Grupo Parlamentario Socialista interpelabamos ao Goberno galego na Comisión 7ª de Agricultura, Gandería e Montes, sobre a evolución das obras de concentración parcelaria e os compromisos da Xunta de Galicia co fin de rematar o proceso de concentración nas parroquias de Quintillán e Meavía no concello de Forcarei, sen que o Goberno galego fose quen de comprometer a dotación orzamentaria suficiente para garantir o remate das obras.

Malia o Goberno galego aproveitou para publicar na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural, unha nota de prensa criticando o labor dos deputados socialistas na oposición, facendo mención explícita á voceira do Medio Rural do Grupo Parlamentario Socialista, cando a web oficial da Xunta de Galicia deber ser unha canle de información para os cidadáns e as cidadás sobre as actuacións e liñas de acción nas distintas áreas nas que ten competencias, neste caso da Consellería do Medio Rural.

Por iso a deputada que asina formula a seguinte pregunta ao Goberno galego.


É unha decisión do Goberno galego utilizar a Web oficial da Xunta de Galicia para criticar o labor de oposición dos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Socialista?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo. Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Sonia Verdes Gil na data 25/11/2010 16:07:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Carmen Cajide Hervés, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A mellora da seguridade viaria na estrada PO-548 Pontecesures (N-550) – Vilagarcía é un proxecto que está a piques de ser rematado, logo dunha importante actuación na reordenación dos accesos existentes, a execución de glorietas e a reposición de beirarrúas nos tres quilómetros do treito no que se está a traballar.

Unha actuación empezada na anterior lexislatura e que para o cumprimento do proxectado na mesma, foi preciso proceder á expropiación dos terreos lindantes para poder efectuar as obras.

Cando aínda non finalizaron as obras, e polo tanto a Consellería responsable das Infraestruturas en Galicia, non recepcionou as mesmas, están xurdindo problemas cos terreos sobrantes da expropiación ou con outras propiedades que non foron precisas para proceder a actuación e que foron no seu día expropiadas.

Así máis dun cento de veciños afectados na denominada “recta de Campaña” están sendo cominados a asinar un documento que lle traslada un presunto funcionario do Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra, no que se solicita a reversión dos terreos non utilizados na obra.

A maiores, aínda son moitos os propietarios que no seu día foron expropiados e non viron satisfeito o prezo xusto que lles corresponde.

Tendo en conta a gravidade dos feitos que se lle imputan á Administración autonómica, e polo que o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas intimidando aos veciños que no seu día foron expropiados para a realización da obra de mellora da PO-548 ao seu paso polo Concello



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- de Valga, para que en contra da súa vontade, soliciten a reversión dos terreos sobrantes da actuación?
2. E sabedora e consentidora a Xunta de Galicia de que un funcionario está a convencer aos antigos propietarios a que asinen un documento ilegal no que se solicita a reversión dos terreos dunha obra aínda sen rematar?
 3. Coñece a Xunta de Galicia que moitos dos propietarios que logo das autorizacións verbais pertinentes, edificaron o cerramento das súas fincas, hoxe en día, están sendo ameazados do derrubamento dos mesmos, se non se aveñen a asinar esa documentación irregular?
 4. Está a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, colaborando na conculcación dos máis elementais dereitos recollidos na lexislación sobre expropiación forzosa?
 5. Pensan os responsables da Consellería das Obras Públicas neutralizar a utilización destes métodos coercitivos cos veciños e veciñas afectadas e iniciar un proceso negociador que dea satisfacción ao interese público e o interese particular dos veciños e veciñas de Valga?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Carmen Cajide Hervés

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 25/11/2010 17:16:01

Maria del Carmen Cajide Herves na data 25/11/2010 17:16:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Mar Barcón Sánchez, María Quintas Alvarez e Pablo Xabier López Vidal, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O regato de Cortegada situado na zona denominada “os prados de Cortegada” da parroquia de Siador no concello de Silleda apareceu este verán seco, sen auga, a causa, segundo informan os veciños aos medios de comunicación, dunhas obras levadas a cabo para captar auga para abastecemento da poboación.

Unha vez que esta situación se fixo pública por parte dos veciños, e que os medios de comunicación fotografaron a evidente agresión ambiental causada na zona, ao cabo duns días se instala un tuba máis arriba da zona de captación que empeza a verter auga cara o regato seco.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno de Galicia esta situación?
2. Saben a orixe do problema, porque secou o regato de Cortegada?
3. Existe algunha responsabilidade por parte de particulares, entidades, concello ou mesmo do organismo autónomo Augas de Galicia?
4. Levábanse a cabo, como denuncian os veciños obras para abastecemento da poboación?
5. Si é así, estas obras contaban con as preceptivas autorizacións municipais e de Augas de Galicia?
6. Considera o Goberno de Galicia que está garantido con estas actuacións o caudal ecolóxico necesario para evitar danos ambientais?
7. Ten aberto algún expediente sobre esta cuestión ou sobre cuestións colaterais que teñan repercusión no secado do regato de Cortegada o organismo autónomo Augas de Galicia ou a propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

8. Cantas captacións destas características existen no concello de Silleda?
9. Teñen todas elas autorización de Augas de Galicia, do concello, etc.?
10. A que parroquias abastecen?
11. Coñece o Goberno de Galicia si ten o Concello de Silleda servizo municipal de auga?
12. Si é así, a que parroquias abastece?
13. Cal é a prioridade en política de augas por parte do Goberno de Galicia, manter o caudal ecolóxico ou o abastecemento?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2010

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Pablo Xabier López Vidal
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 25/11/2010 17:18:54

Mar Barcón Sánchez na data 25/11/2010 17:19:03

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/11/2010 17:19:09

Pablo Xabier López Vidal na data 25/11/2010 17:19:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Mar Barcón Sánchez, María Quintas Alvarez, Silvia Fraga Santos e Pablo Xabier López Vidal, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os traballadores e traballadoras de Sogama anunciaron a pasada semana unha folga indefinida polo incumprimento reiterado do Convenio e polo despedimento de 32 persoas.

A xestión que o goberno do partido popular está facendo desta sociedade é certamente preocupante, primeiro paralizan todos os investimentos que estaban previstos polo goberno anterior e mesmo renuncian a que funcionen instalacións recentemente construídas.

Despois anulan un Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbáns que ofrecía solucións para o grave problema da política de xestión de residuos en Galicia: a saturación de Sogama e o boicot expreso dos modelos alternativos a este modelo implantado nos anos 90 polos Gobernos do Partido Popular.

Por ultimo preparan un novo Plan de Residuos que dirixe os seus esforzos xustamente na dirección contraria do que recomentan as autoridades comunitarias e que compromete a construción dunha nova incineradora e un novo vertedoiro asociado no Sur de Galicia.

Polo medio afloran orzamentos falseados que agora se demostran agochaban perdas na xestión do Complexo, sen que a actual dirección do mesmo nin a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas teñan adoptado nin unha soa medida de contención do gasto, iso si, tratarán de botarlle a culpa das perdas aos concellos pretendendo que son as súas débedas as que fan que a Sociedade entre en perdas.

Así, con esta xestión non resulta xa estraño para o Grupo Parlamentario Socialista que a sociedade renuncie a construír a planta de pretratamento prevista e na cal terían ocupación as persoas que agora se despiden.



Grupo Parlamentario

Toda a cidadanía debe saber, e tamén os concellos adheridos a Sogama, que renunciar a construír esta Planta de Pretratamento supón incumprir coa normativa de vertedoiros e facer irrealizable a complementariedade coa planta de Nostián.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xa todos coñecemos que os concellos adheridos a Sogama están pagando e tamén o conxunto da cidadanía por un tratamento do lixo que logo non se produce en Sogama, porque a meirande parte vai directamente a vertedoiro.

Ademais os traballadores e traballadoras que agora se despiden tiveron un acordo con data do 18 de xuño do ano 2008 para ser recolocados nesta nova Planta de Pretratamento que agora non se constrúe sen dar ningunha explicación ao respecto.

Polo exposto o grupo parlamentario socialista presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que xestións prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar o despedimento destas 32 persoas vinculadas a Sogama?
2. Cales son as razóns polas que non se constrúe a Planta de Pretratamento?
3. Como pensa garantir a Xunta de Galicia o cumprimento da normativa sobre vertedoiros?
4. E a complementariedade dos modelos alternativos a Sogama?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2010

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Silvia Fraga Santos
Pablo Xabier López Vidal
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 25/11/2010 17:21:24


Mar Barcón Sánchez na data 25/11/2010 17:21:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/11/2010 17:21:38

Silvia Belén Fraga Santos na data 25/11/2010 17:21:44

Pablo Xabier López Vidal na data 25/11/2010 17:21:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:37
Nº Rexistro: 55002
Data envío: 25/11/2010 17:37:58.499

Á Mesa do Parlamento


Ana Luisa Bouza Santiago e Fernando Blanco Álvarez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á denuncia realizada nesta Cámara sobre o pago específico de incentivos económicos a persoal facultativo por parte do SERGAS polas altas sen probas complementarias.

Estamos diante dunha denuncia grave que pode crear alarma ante a posibilidade de que a Xunta promova incentivos económicos diferentes en función das decisións clínicas que se tomen. Mais aínda cando a denuncia parece circunscrita ao Hospital da Costa.

Por tanto, para eliminar calquera sospeita, é necesaria unha aclaración detallada por parte do Goberno galego das condicións nas que se está ofertando autoconcertación ao persoal facultativo do SERGAS.

Por este motivo, este grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.^a) Cál é, en detalle, a oferta realizada polo SERGAS ao persoal facultativo de pago de incentivos económicos por traballo en xornada extraordinaria?
- 2.^a) Prodúcese un pago diferente en función das probas complementarias solicitadas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:37
Nº Rexistro: 55002
Data envío: 25/11/2010 17:37:58.499

3.^a) Están publicados os criterios da oferta e son accesíbeis polo persoal facultativo?

4.^a) Prodúcense ofertas de autoconcertación diferentes en centros diferentes?


Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Fernando Xabier Blanco Álvarez
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/11/2010 17:13:42

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 25/11/2010
17:13:51**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:40
Nº Rexistro: 55005
Data envío: 25/11/2010 17:40:01.792

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


O Presidente da Xunta de Galiza afirmou, na súa visita a Lugo e Ourense, que unha proba, da súa firme convicción polo reequilibrio territorial de Galiza, era que nos vindeiros orzamentos de 2011 o Plan Impulsa Lugo ía ter un incremento de 27 millóns e o Plan Impulsa Ourense de 24 . Unha vez presentados os orzamentos da Xunta de Galiza 2011, observamos que a única consignación presupostaria son 4'8 millóns de euros para ámbolos dous plans Impulsa. Dada a enorme diferenza entre o prometido polo Presidente da Xunta de Galiza e a realidade que os orzamentos amosan, e que loxicamente prexudica o pretendido reequilibrio territorial, é polo que presentamos a seguinte Pregunta:

Onde están consignadas as cantidades prometidas polo Presidente da Xunta aos Plans Impulsa Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.. Fernando Xabier Blanco Álvarez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:40
Nº Rexistro: 55005
Data envío: 25/11/2010 17:40:01.792

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 25/11/2010 16:31:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á subministración de combustíbel no porto de Baiona.

A finais de agosto, o presidente de Portos de Galiza anunciaba a posta en marcha do surtidor de combustíbel no porto de Baiona, un servizo imprescindible que, cun investimento que superaba os 57.000 €, servía para “mellorar as condicións de traballo dos mariñeiros baioneses”. O seu anuncio tamén falaba dunha segunda fase, na que estaba previsto soterrar o depósito e que se estudaría a posibilidade de colocar outro depósito para gasolina.

A realidade é que, pasados mais de tres meses, os mariñeiros teñen que subministrarse do mesmo xeito que o viñan facendo como ata o de agora e do prometido, non ten visos de converterse en realidade.

Dadas estas circunstancias e o malestar existente nos usuarios do porto é polo que formulamos as seguintes preguntas ao Goberno galego con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1^a) Cales son as razóns polas que non esta posto en marcha o subministro de combustíbel aos mariñeiros?.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2ª) Cando vai poñer en marcha dito subministro?.

3ª) Vanse realizar as obras publicitadas como son o enterramento dos depósitos e a subministración de outro tipo de combustíbeis?.

4ª) Cales son os prazos reais cos que conta o Goberno galego?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2010.

Asdo. Henrique Viéitez Alonso

Bieito Lobeira Domínguez

Carme Adán Villamarín

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 25/11/2010 18:17:16

María do Carme Adán Villamarín na data 25/11/2010 18:17:22

Bieito Lobeira Domínguez na data 25/11/2010 18:17:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Silvia Fraga Santos, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión de Control da CRTVG sobre a exclusión da organización xuvenil Xuventudes Socialistas de Galicia (XSG) dun programa da TVG no que se trataron asuntos de interese para a mocidade e ao que si se convidaron ás organizacións xuvenís do Partido Popular e do BNG.**

O pasado día 8 de novembro de 2010 a TVG programou un debate sobre a prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade no espazo “Foro Aberto”, programa que se emite con frecuencia semanal todos os luns na primeira canle da televisión pública.

Ao citado debate foron convidadas as organizacións xuvenís do Partido Popular (Novas Xeracións) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sendo excluída a entidade Xuventudes Socialistas de Galicia, organización xuvenil do Partido dos Socialistas de Galicia.

Cabe recordar, ademais, o importante traballo realizado por esta organización xuvenil que mesmo ten feito unha campaña propia sobre o Proxecto de lei de prevención de bebidas alcohólicas en menores promovido polo Goberno galego.

O bo facer e a frontal oposición ao citado Proxecto do Goberno por parte da organización xuvenil da segunda forza política deste País intentouse silenciar por parte da dirección da TVG.



Grupo Parlamentario

Non se atopa explicación a unha actitude claramente sectaria e contraria aos principios que inspiraron a creación da Lei da Compañía da Radio Televisión de Galicia, ao non respectar a pluralidade política e social existente en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É moi relevante que se produza unha ratificación inmediata deste tipo de actitudes sectarias e vergonzantes.

Polo anteriormente exposto, o deputado e a deputada asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa tramitación diante da Comisión de Control da CRTVG:

1. Cal é o criterio seguido para excluír do programa “Foro Aberto” á organización xuvenil XSG e silenciar así opinión dos mozos socialistas galegos en relación á prevención das bebidas alcohólicas en menores?
2. Por que nun debate ao que foron convidadas as organizacións xuvenís do Partido Popular (Novas Xeracións) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), foi excluída a entidade Xuventudes Socialistas de Galicia, organización xuvenil do Partido dos Socialistas de Galicia?
3. Por que se incumpre a Lei de Creación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia no referido ao respecto ao pluralismo político e social?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Silvia Fraga Santos

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia




Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 23/11/2010 18:09:16

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Silvia Belén Fraga Santos na data 23/11/2010 18:09:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54932
Data envío: 24/11/2010 19:31:36.533

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Anxo Manuel Quintana González, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o respecto á pluralidade informativa na CRTVG.

A fin de coñecer a avaliación que fai o Director Xeral da CRTVG sobre o respecto ao principio de imparcialidade e respecto á pluralidade na información da radio e a televisión galega, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Considera o Director Xeral da CRTVG que a radio e televisión galega respectan os principios de imparcialidade e respecto á pluralidade informativa?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Anxo Manuel Quintana González

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/11/2010 19:30:36

Anxo Manuel Quintana González na data 24/11/2010 19:30:43



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López e Ricardo Varela Sánchez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Consideramos que é innegable que a bimilenaria cidade de Lugo conta con importantes recursos turísticos: unha muralla romana que se mantén na súa totalidade declarada Patrimonio Mundial pola UNESCO, a declaración de Reserva da Biosfera das marxes do río Miño, un casco histórico con gran importancia patrimonial, unha gastronomía moi recoñecida, augas termais, centro do Camiño Primitivo...

A cidade conta tamén, dende a posta en marcha dun plan de excelencia, con servizos turísticos de calidade: un gran e moderno centro de recepción de visitantes, un centro de interpretación da muralla, tres pequenos museos onde se poñen en valor importantes restos romanos, actividades de éxito como o Concurso de Tapas o as visitas teatralizadas, tren turístico...

Unha activa política turística do Concello de Lugo, ademais do esforzo da iniciativa privada en hostalería e comercio, conseguiu que nos últimos anos o turismo na cidade se multiplicase, facendo de Lugo un destino cada vez mais consolidado.

Consideramos que Lugo é un activo moi importante para o turismo de Galicia o reunir tantas posibilidades: turismo cultural, de natureza, gastronómico, termal, relixioso, familiar..., por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que actividades de promoción da cidade de Lugo puxo en marcha a Secretaría Xeral de Turismo no último ano e medio?



Grupo Parlamentario

2.^a) Puxo en marcha algún produto turístico novo na cidade de Lugo?

3.^a) Impulsou algún novo servizo turístico na dita cidade?

4.^a) Asinou algún acordo de colaboración co Concello de Lugo no eido do turismo?

5.^a) Cales foron os investimentos que fixo neste último ano e medio na cidade de Lugo a dita Secretaría?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López

Ricardo Varela Sánchez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/11/2010 11:48:23

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/11/2010 11:48:27



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Concepción Burgo López, Ricardo Varela Sánchez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Conselleiro de Cultura e Turismo afirmou en 2009, na comparecencia dos orzamentos da súa Consellería para 2010 que investiría un millón de euros ao longo do dito ano na Muralla Romana de Lugo, polo que a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1.^a) Que obras ou proxectos de mantemento ou doutro tipo levou a cabo durante o ano 2010 a Consellería de Cultura e Turismo na Muralla Romana de Lugo?

2.^a) Que contía alcanzaron cada un destes proxectos ou obras?

3.^a) En que fase de realización se atopan estes proxectos ou obras?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/11/2010 11:49:10

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/11/2010 11:49:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Tomé Roca e Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de Galicia anunciou a través da Sra. Delegada en Lugo o pasado día 15 de novembro de 2010, que a Xunta poñerá en marcha este ano outros 9 programas de emprego na provincia de Lugo.

Destes programas, 8 serán obradoiros de emprego que xestionaran 10 concellos e unha Escola Obradoiro para o Inludes.

Os concellos beneficiados son os do Corgo e o Páramo que presentan unha proposta conxunta, os da Mancomunidade de municipios Río Ouro composta por Alfoz e Valadouro, Carballedo, Palas de Rei, Folgoso do Caurel, Abadín, Friol e Antas de Ulla.

No primeiro semestre de 2010 concedéranse na provincia 4 obradoiros de emprego para 4 concellos gobernados polo Partido Popular. Neste segundo semestre, igual que ocorreu no anterior, a totalidade dos oito concellos relacionados anteriormente están gobernados polo Partido Popular.

Esta é a primeira vez que en computo anual, o 100% dos obradoiros concedidos na provincia de Lugo pertencen a concellos gobernados polo mesmo partido, dándose a circunstancia de que no caso do concello de Palas de Rei aínda ten funcionando neste momento outro obradoiro que remata a finais de decembro, tendo que comezar o novo Obradoiro nas mesmas datas. Polo tanto, dase a casualidade que nalgún concello repiten nova concesión mentres que moitos outros quedan sen nada, aínda tendo un número de desempregados moito maior.

Polo que antecede, os deputados e deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Dado que a solicitude de obradoiros de emprego é aberta e para todo o ano, cantas solicitudes presentaron os concellos da provincia de Lugo en 2010?

2.^a) Cales foron os concellos solicitantes?

3.^a) Cales foron as valoracións dos proxectos presentados?

4.^a) Que concellos quedaron excluídos e por que?



Grupo Parlamentario

5.^a) Que criterios se tiveron en conta para conceder por casualidade, a totalidade dos obradoiros de emprego a concellos gobernados polo Partido Popular?

6.^a) Cales son as razóns polas que se lle concede ao concello de Palas de Rei un novo obradoiro cando aínda non rematou o anterior?

7.^a) Porque non se lle concedeu ningún obradoiro aos concello máis poboados e con máis desempregados para mellorar a súa empregabilidade?

8.^a) Ningún concello gobernado polo BNG ou polo Partido Socialista presentou un proxecto formativo axeitado que merecese ser concedido?

9.^a) Tiveron en conta o número de parados de cada concello e a formación para mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas?

10.^a) Como é posible que se no conxunto do ano 2010 concederon 12 obradoiros a concellos, todos foron para o Partido Popular, cando gobernan en pouco máis da metade dos concellos e só gobernan o 40% de poboación?

Pazo do Parlamento, a 14 de novembro de 2010

Asdo: José Tomé Roca
Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña Docampo
Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 22/11/2010 12:11:44

Modesto Pose Mesura na data 22/11/2010 12:12:01

María Carmen Acuña Docampo na data 22/11/2010 12:12:08

Beatriz Sestayo Doce na data 22/11/2010 12:12:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54716
Data envío: 22/11/2010 12:54:34.111

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de contidos e entrada en vigor do novo Decreto de Artes e Aparellos.

A Consellaría do Mar está a elaborar un novo Decreto (que substitúe o aínda vixente 424/1993) para a regulación da actividade pesqueira e as artes e aparellos de pesca autorizados en augas de competencia da Galiza.

Por este motivo, fórmulanse as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Recibiu alegacións procedentes do sector pesqueiro e marisqueiro no proceso de elaboración do novo Decreto?

2.^a) En caso positivo, cantas?

3.^a) De que entidades do sector se recibiron alegacións, e en que sentido en cada caso?

4.^a) Vai pasar o borrador do novo Decreto polo Consello Galego de Pesca?

5.^a) Cando se prevé a súa entrada en vigor?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54716
Data envío: 22/11/2010 12:54:34.111

6.^a) Tense previsto contemplar neste novo decreto o recoñecemento legal de embarcacións auxiliares de marisqueo?

7.^a) Considera a Consellaría do Mar suficiente un período transitorio de seis meses para a adaptación das artes de pesca e marisqueo actualmente existentes ao disposto no novo decreto?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 12:52:48



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López, Ricardo Varela Sánchez, Ismael Rego González, José Tomé Roca e Sonia Verdes Gil, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O novo Hospital Lucus Augusti é unha infraestrutura absolutamente necesaria para a cidade e a provincia de Lugo. A súa apertura leva xa un ano e medio de atraso a causa da xestión da Consellería de Sanidade, pero o que aínda é mais grave é que o novo Hospital abrirá sen ningunha ampliación de servizos fundamentais que foron, ademais, prometidos tanto polo presidente Feijóo como pola conselleira de Sanidade.

Así, a data de hoxe, a poucos días de comezar, segundo as noticias da consellería, o traslado, non está nin tan sequera licitada a infraestrutura necesaria para os servizos de hemodinámica, medicina nuclear e radioterapia.

O Hospital de Lugo é o único hospital de capital de provincia que non conta con estes servizos esenciais en calquera hospital moderno, o que obriga a miles de pacientes a trasladarse á Coruña ou Santiago para recibir os tratamentos necesarios.

Tanto o presidente da Xunta como a conselleira de Sanidade non deixan de declarar que o novo Hospital de Lugo será unha das máis moderna infraestruturas de España e que terá estes novos servizos pero non queren dicir en que datas estarán en uso e os mesmos traballadores do hospital non cren que os lucenses teñan estes servizos esenciais no próximo ano.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



Grupo Parlamentario

1.^a) Terá o novo Hospital Lucus Augusti os servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear?

2.^a) Está licitada a infraestrutura necesaria para poñer en marcha estes servizos?

3.^a) Vaise contratar novo persoal en estas especialidades?

4.^a) Cando se poñerán en marcha no novo Hospital Lucus Augusti da cidade de Lugo os servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear?

5.^a) Teñen calculado que número de pacientes de Lugo e a súa provincia teñen que seguir desprazándose para ser tratado das súas enfermidades?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez
Ismael Rego González
José Tomé Roca
Sonia Verdes Gil

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/11/2010 13:08:25

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/11/2010 13:08:28

Ismael Rego González na data 22/11/2010 13:08:32

José Tomé Roca na data 22/11/2010 13:08:37

Sonia Verdes Gil na data 22/11/2010 13:08:41



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por escrito, sobre a **situación na que se atopaba á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal no ano 2009**.

É de interese coñecer en que situación se atopa a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal.

Co obxecto de acceder a unha información detallada da súa situación, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contratos ten asinado a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2009?
2. Que actividades realizou a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2009?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 22/11/2010 16:57:13



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2010 16:57:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por escrito, sobre a **situación na que se atopaba á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal no ano 2010**.

É de interese coñecer en que situación se atopa a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal.

Co obxecto de acceder a unha información detallada da súa situación, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contratos ten asinado a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2010?
2. Que actividades realizou a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal durante o ano 2010?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


José Manuel Lage Tuñas na data 22/11/2010 16:57:34



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2010 16:57:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54750
Data envío: 22/11/2010 18:33:25.765

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás razóns que levan á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a excluír a lingua galega, no apartado de lexislación, nunha súa páxina web oficial.


Unha páxina web oficial (www.voluntariadogalego.org), dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, exclúe a lingua galega no seu apartado de lexislación. En concreto, no referido a leis de ámbito estatal. Mais tamén, e iso é o máis grave, ofrecendo a tradución española (e ademais exclusivamente) dunha lei galega: a Lei 3/2000, do 21 de decembro, do voluntariado de Galiza.

É evidente que esta actuación vulnera a legalidade vixente en materia lingüística, ademais de impedir que galegos e galegas poidamos acceder a información en galego, idioma propio do noso país, nunha páxina web oficial da administración pública galega. Verdadeiramente surrealista.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que razóns levan á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a vetar o idioma galego, no apartado de lexislación, nunha súa páxina web oficial?

2.^a) Ten previsto corrixir esta actuación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54750
Data envío: 22/11/2010 18:33:25.765

3.ª) En caso positivo, en que prazo?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez


Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 17:46:11

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/11/2010 17:46:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54751
Data envío: 22/11/2010 18:34:06.373

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación que presenta a Enseada de Larache, en Vilaboa, no tocante á calidade das súas augas, o seu impacto sobre a actividade marisqueira e ás medidas que se adoptarán por ese motivo.

O Diario Oficial de Galiza publicaba o 28 de Xullo a Orde da Consellaría do Mar do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza.

Segundo a nova clasificación, empeora a calidade das augas en varios puntos do litoral do noso país. Singularmente no caso da Enseada de Larache (zona delimitada pola liña imaxinaria que une punto Ullo, illa Erbedosa Leste e a zona sul do viveiro de Fonte Mollada, cara ao interior da ría), no fondo da ría de Vigo, zona aproveitada nos correspondentes planos de explotación de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade e da Asociación de Mariscadores “Pedra de Oliveira” de Vilaboa. Aproximadamente 170 mariscadoras a pé. Esta zona pasa a ser declarada como zona C a efectos de produción marisqueira. Isto é, non se permite a comercialización do marisco extraído nesta área nin con proceso de depuración.

O impacto desta nova clasificación alcanza a moitos profesionais do marisqueo, e certifica a parálise da administración galega na adopción de medidas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54751
Data envío: 22/11/2010 18:34:06.373

reais, non aparentais nin propagandísticas, de mellora da calidade das augas deste banco marisqueiro.


Neste contexto, o Goberno galego debe garantir, con carácter de urxencia, unha programación prioritaria de actuacións de saneamento e depuración no fondo da ría de Vigo, eliminando focos e verteduras contaminantes sobre a ría e sobre os ríos que nela desembocan, mellorando o funcionamento da depuradora de Arcade, e acometendo, en fin, todas as actuacións precisas para evitar que máis zonas da ría sexan declaradas como C, para que canto antes a Enseada de Larache torne á súa anterior clasificación (B), de cara a acadar, en toda a ría, a desexada clasificación como Zona A.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cales son as causas do empeoramento da situación que padece a Enseada de Larache no tocante á calidade das súas augas?

2.^a) Que medidas concretas se adoptarán en materia de saneamento, depuración e erradicación de focos contaminantes no fondo da ría de Vigo, en que prazos concretos, e con que actuacións concretas en cada un dos puntos deste litoral?

3.^a) Hai riscos de que outras zonas do fondo da ría de Vigo sexan declaradas Zona C?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54751
Data envío: 22/11/2010 18:34:06.373

4.^a) Ten previsto o Goberno galego subscribir algún tipo de convenio coa Confraría de Arcade e Asociación “Pedra de Oliveira”, a fin de que as mariscadoras a pé afectadas por esta situación perciban algún tipo de compensación, vinculada a traballos de recuperación marisqueira?


Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2010 17:43:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:28
Nº Rexistro: 54762
Data envío: 23/11/2010 10:28:15.394

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez e Carlos Aymerich Cano, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás medidas que se adoptarán para paliar os danos ocasionados nos portos de Camelle, Arou e Santa Mariña polo temporal “Becky”.

O temporal “Becky”, que alcanzou o noso país os días 8 e 9 de novembro, afectou de xeito especialmente grave os portos de Camelle, Arou e Santa Mariña, na Costa da Morte, todos eles de titularidade do Ente Público Portos de Galiza.

No caso do porto de Santa Mariña, os danos son espectaculares, e claramente visíbeis. A forza do mar foi quen de arrincar, literalmente, unha parte do asfalto da explanada do porto, inzándoa de refugallos, e de mover centos de toneladas de peso. Dobrou e tirou co valado metálico, e mesmo provocou gretas estruturais no espigón e dique de abrigo.

Os danos foron tamén importantes sobre as embarcacións, aparellos e diverso material que se encontraba sobre o porto, e que afecta a numerosos profesionais da pesca e o marisqueo. É posíbel que o propio modelo seguido na construción do dique de abrigo represente un problema estrutural á hora de enfrontar os efectos de temporais de grande dimensión.

En Arou o temporal tamén moveu pedras sobre a explanada do porto, e afectou, xerando fracturas estruturais, ao sistema de iluminación. Fundiu tamén a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:28
Nº Rexistro: 54762
Data envío: 23/11/2010 10:28:15.394

estrada que une o porto con Camelle, cortándoa e impedindo a comunicación, provocando así importantes prexuízos para o conxunto da veciñanza de Arou, á hora de se desprazar a Camelle por motivos sanitarios, laborais, administrativos ou de calquera outro tipo. Nese lugar que é enseada natural (A Lagoa), eliminou os cabos de fondeo das embarcacións. Probabelmente non sexa alleo á gravidade destes danos as obras realizadas só un día antes por unha empresa construtora.


Tamén en Camelle os danos son moi importantes. O Museo de Man ficou arrasado nunha boa parte. E a afección tamén se deixou notar sobre diversos elementos do espigón de abrigo.

Resulta difícil de entender como, máis de 15 días após o temporal, nin o Ente Público Portos de Galiza nin a Consellaría do Mar foron quen de pór en marcha nin a primeira das medidas (limpeza de refugallos) imprescindíbeis para retornar á normalidade da actividade pesqueira ou marisqueira nos tres portos sinalados.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que avaliación realiza o Ente Público Portos de Galiza dos danos ocasionados polo temporal “Becky” en cada un dos portos de Camelle, Arou e Santa Mariña?

2.^a) Que avaliación realiza a Consellaría do Mar dos danos ocasionados polo temporal “Becky” sobre o sector pesqueiro e marisqueiro de Camelle, Arou e Santa Mariña?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:28
Nº Rexistro: 54762
Data envío: 23/11/2010 10:28:15.394

3.^a) Que medidas concretas se porán en marcha, en cada un dos portos sinalados, en materia de arranxo e mellora das infraestruturas portuarias?

4.^a) Con que prazos, en cada caso?

5.^a) Con que investimentos en cada caso?

6.^a) Ten previsto articular a Consellaría do Mar un programa de axudas destinado a compensar os danos ocasionados sobre o sector pesqueiro e marisqueiro?

7.^a) En caso positivo, en que consistirá e en que prazo se fará efectivo?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 10:26:58

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/11/2010 10:27:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:32
Nº Rexistro: 54765
Data envío: 23/11/2010 10:32:23.451

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa aos problemas que está a orixinar o novo sistema informático no funcionamento das lonxas galegas.

No canto de mellorar, empeora o funcionamento das lonxas. O problema está vinculado a un novo sistema informático xestionado pola empresa Plexus, aplicado a todas as lonxas galegas.

En Cambados ou na Illa de Arousa téñense producido xa situacións caóticas por este motivo, que provocaron a non emisión de facturas e o retraso no pagamento ás mariscadoras. Na práctica, a volta aos tempos nos que computadores e sistemas informáticos non existían: prezos “cantados” a viva voz, pesados de xeito manual, anotación manual dos datos da subhasta, e así sucesivamente.

O actual sistema xera problemas e a lóxica preocupación, mesmo con casos nos que se teñen producido prexuízos. A Consellaría do Mar optou por un sistema, xestionado pola empresa Plexus, que teoricamente fai máis funcións, mais –iso si– con menos persoal, insuficiente cando se produce unha anomalía, e con dificultades para resolver de inmediato os problemas xerados.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:32
Nº Rexistro: 54765
Data envío: 23/11/2010 10:32:23.451

1.^a) Por que razón se están a dar os problemas descritos?

2.^a) En que lonxas, e en que datas en cada caso, se teñen detectado estes problemas?

3.^a) Como se van resolver?

4.^a) De quen é a responsabilidade desta situación?

5.^a) Mellorará o servizo a actual empresa ou contratarase unha nova?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 10:14:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:33
Nº Rexistro: 54767
Data envío: 23/11/2010 10:33:28.716


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de instalación dunhas comportas no banco marisqueiro do Saco de Fefiñáns (Cambados) para a súa habilitación como zona de deportes náuticos.

O 25 de marzo de 2010, o BNG suscitaba un debate, na Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galiza, sobre as previsións de instalación nos bancos marisqueiros do Saco de Fefiñáns (Cambados) dunha zona de deportes náuticos e a súa afección na actividade produtiva. Dese debate, por parte do representante da Consellaría do Mar (Director Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, Sr. Fernández Asensio), confirmáronse os seguintes extremos:

- 1.- Non existe Estudo de Impacto Ambiental do referido proxecto.
- 2.- Non existe informe sobre o impacto destas obras sobre os bancos marisqueiros e a actividade produtiva.
- 3.- Recoñécese que non houbo contacto oficial coa Agrupación de Mariscadoras a pé. Si co Patrón Maior da Confraría de Cambados.
- 4.- Formalízase o compromiso de contar co colectivo de mariscadoras á hora de acometer calquera acción na zona. Mesmo chegando a comprometer que, no caso de que o colectivo afectado rexeite as obras, estas non se realizarán.

Xa con anterioridade o BNG tiña solicitado de xeito formal o expediente completo correspondente ao proxecto e informes das comportas e instalacións do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:33
Nº Rexistro: 54767
Data envío: 23/11/2010 10:33:28.716

Saco de Fefiñáns. Formalizouse a petición o 16 de setembro de 2009, hai máis dun ano e dous meses. O artigo 9 do Regulamento da Cámara reconece o dereito dos deputados a acceder a este tipo de documentación no prazo máximo de 30 días. Porén, máis dun ano e dous meses após o solicitar, a Consellaría do Mar négase a dar traslado ao deputado solicitante da documentación descrita. Non coñecemos os motivos que levan á Consellaría do Mar a ocultar esta información, mesmo vulnerando o establecido legalmente no relativo ao dereito de acceso á información.

Resulta difícil de entender, por estes motivos, o anuncio realizado polo Presidente do Ente Público Portos de Galiza de realizar a licitación deste proxecto a finais do mes de novembro. Non hai información pública sobre o posíbel impacto das obras no futuro da actividade marisqueira nunha zona recentemente catalogada como Zona C a efectos de produción marisqueira. E non consta, tampouco, a posta en marcha dun proceso de consulta e interlocución co colectivo de mariscadoras a pé afectadas, tal e como se comprometera con anterioridade.

Chama poderosamente a atención o contraste entre o evidente desleixo na protección ambiental, que dá pé á recente catalogación como Zona C do banco marisqueiro, e a inusitada celeridade e os improbables esforzos para a adecuación desta área para uso náutico-recreativo. Pode o Partido Popular proclamar o que queira, mais o certo é que o marisqueo e a actividade produtiva no mar non son a súa prioridade.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:33
Nº Rexistro: 54767
Data envío: 23/11/2010 10:33:28.716

1.^a) Existe algún estudo de impacto ambiental sobre a afección desta obra sobre o banco marisqueiro do Saco de Fefiñáns, en Cambados?

2.^a) En caso positivo, que indica?

3.^a) Ten avaliado a Consellaría do Mar o efecto que a posta en marcha do proxecto podería conlevar sobre a produción marisqueira?

4.^a) En caso positivo, que indica?

5.^a) Ten previsto remitir esta documentación ao Grupo Parlamentar do BNG, en cumprimento do artigo 9 do Regulamento da Cámara?

6.^a) Foi consultada ou ten previsto consultar á Agrupación de Mariscadoras a pé antes de acometer calquera proxecto no Saco de Fefiñáns?

7.^a) Que actuacións concretas ten previsto realizar no Saco de Fefiñáns?

8.^a) En que prazos temporais?

9.^a) Con que investimento?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:33
Nº Rexistro: 54767
Data envío: 23/11/2010 10:33:28.716

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 10:18:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:43
Nº Rexistro: 54772
Data envío: 23/11/2010 10:43:49.110

Á MESA DO PARLAMENTO


Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa aos graves danos provocados no xacemento arqueolóxico do Castro do Cociñadoiro en Ponta Langosteira (Arteixo) polas obras do Porto Exterior.

O do Castro do Cociñadoiro constitúe segundo os expertos a datación máis antiga da idade de ferro en Galiza. Trátase dun castro único cuxas orixes se remontan ao século IX a.C. e que tivo a súa época de esplendor entre os séculos VIII e VII desa era.

No ano 2001 a Declaración de Impacto Ambiental realizada polo Ministerio de Medio Ambiente para o proxecto de Porto Exterior recomendaba a rescate e protección deste patrimonio. As excavacións iniciáronse en 2005 e, aínda que só duraron uns meses, permitiron a recuperación de 23.000 obxectos da idade de ferro. Porén, unha vez realizadas as excavacións as obras de construción da dársena exterior de Ponta Langosteira proseguiron afectándose gravemente o xacemento.

De facto apenas se recuperaron algunhas das estruturas mellor conservadas do castro co fin de recolocalas posteriormente nun centro de interpretación ubicado en Arteixo mais lonxe do seu emprazamento orixinal.

Así as cousas, e á vista das competencias que en materia de protección do patrimonio cultural ostenta Galiza, formúlase a seguinte cuestión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 10:43
Nº Rexistro: 54772
Data envío: 23/11/2010 10:43:49.110

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para protexer o xacimento arqueolóxico do Castro do Cociñadoiro?

Santiago de Compostela, a 23 de novembro de 2010

Asdo. : Carlos Aymerich Cano

Ana Luisa Bouza Santiago

Ana Belén Pontón Mondelo


Deputado e deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/11/2010 10:32:40

Ana Luísa Bouza Santiago na data 23/11/2010 10:32:44

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/11/2010 10:32:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 11:22
Nº Rexistro: 54779
Data envío: 23/11/2010 11:22:46.219


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás medidas que se adoptarán para protexer o meixón na Galiza.

Diversos estudos alertan dos riscos que ameazan a pervivencia do meixón (alevín da anguía) e, daquela, a explotación comercial desta especie. Detéctanse así aqueles elementos que se consideran máis prexudiciais para a viabilidade do meixón, como son, ademais da sobreexplotación en fase larvaria, os seguintes (responsabilidade exclusiva das administracións públicas):

- a) Construción de encoros que, á marxe doutras afeccións, non tiveron en conta as especies que antes remontaban os ríos (singularmente as anguías femias), provocando así a práctica desaparición desta especie no interior do noso país.
- b) Contaminación de rías e ríos, afectando non só ás anguías, senón que tamén ao seu alimento.
- c) Outros impactos, caso dos recheos que sen control se están a realizar nas rías.

Cumpre, neste contexto, que o Goberno galego adopte medidas concretas que protexan este recurso.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 11:22
Nº Rexistro: 54779
Data envío: 23/11/2010 11:22:46.219

Así, por exemplo, a posibilidade de habilitar mecanismos que permitan a remontada dos encoros por parte dos meixóns, ou que as turbinas das centrais hidroeléctricas paren na época de descenso das anguías para o desove, son accións que repercutirán de xeito moi positivo na protección e recuperación desta especie. Ao tempo, a mellora das condicións ambientais nos ríos e rías, eliminando os episodios de contaminación que lamentablemente se producen con exaxerada frecuencia, son medidas imprescindíbeis.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que avaliación realiza o Goberno galego sobre a situación do meixón e a anguía na Galiza?

2.^a) Cales son, a xuízo do Goberno galego, os riscos que ameazan esta especie?


3.^a) Que medidas concretas ten previsto adoptar na súa defensa?

4.^a) Cal é a evolución, nos últimos dez anos, na expedición de licenzas para a captura de meixón na Galiza?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 11:22
Nº Rexistro: 54779
Data envío: 23/11/2010 11:22:46.219

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 11:10:57



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**:

Tras a información publicada o día 23 de novembro de 2010 en diferentes medios de comunicación, facéndose eco do desgraciado falecemento no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide, dunha nena recién nacida, ao parecer, despois de serlle subministrado un medicamento destinado á súa nai, o Grupo Parlamentario Socialista entende que é necesario obter información cumprida sobre o lamentable suceso.

En virtude do exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cales foron as circunstancias que concorreron no fatal desenlace do falecemento da recém nacida?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 23/11/2010 11:49:56

María Carmen Acuña Docampo na data 23/11/2010 11:50:01


Modesto Pose Mesura na data 23/11/2010 11:50:07



Grupo Parlamentario

José Tomé Roca na data 23/11/2010 11:50:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 12:25
Nº Rexistro: 54782
Data envío: 23/11/2010 12:25:47.937


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de traspaso a Galiza da competencia en materia de regulación das augas das rías galegas.

Recentes acordos políticos van posibilitar a transferencia da competencia en materia de regulación das augas canarias (interinsulares) do Estado español a esa comunidade autónoma. Semella que se establecerá unha salvedade na Lei de Costas, ou ben que o traspaso desa competencia se efective a través da reforma do Estatuto Canario.

Ábrese, en todo caso, unha vía para que tamén Galiza poida acadar ese obxectivo. Cumpre, con todo, que o Goberno galego se posicione sobre se está dacordo en que as augas das rías galegas sexan competencia galega ou española. Isto é, na posibilidade de posuímos e exercermos a capacidade de regular non só a actividade que se desenvolve nas rías, senón –máis a fondo- a ocupación do demanio público marítimo e marítimo-terrestre que na actualidade é regulado por leis e normativa estatal.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 12:25
Nº Rexistro: 54782
Data envío: 23/11/2010 12:25:47.937

1.^a) Ten previsto o Goberno galego reclamar do Goberno español a transferencia á Galiza das competencias en materia de regulación das augas das rías galegas?

2.^a) En caso positivo, por que vía?

3.^a) Que medidas concretas, e en que prazo, se efectivizarán para lle dar cumprimento a este obxectivo?


Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 12:25:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.


As Caixas Galegas veñen de vender a participación na empresa galega R e anunciar, ao mesmo tempo, a entrada na empresa SACYR. A empresa R obtivo importantes subvencións para desenvolver a súa rede de fibra óptica e por tratarse dun sector estratéxico para o futuro. A decisión de vender as súas participacións por parte das Caixas Galegas, e polo tanto a perda do control da empresa, pode ter importantes efectos sobre o futuro da mesma.

Polo anterior, presentase a seguinte pregunta:

Cal é a opinión da Consellaría de Facenda sobre a venda das participacións das Caixas Galegas en R?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 13:33
Nº Rexistro: 54788
Data envío: 23/11/2010 13:33:05.265

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/11/2010 13:30:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:22
Nº Rexistro: 54799
Data envío: 23/11/2010 17:22:16.392

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de cumprimento do establecido na vixente Lei de Pesca no tocante ao denominado “Contador a Cero” nas concesións de bateas mexilloeiras.

A nova Lei de Pesca de Galiza (en vigor, a Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galiza), incorpora na súa Disposición Transitoria Cuarta (concesións, autorizacións e permisos de actividade), vinculadas ao artigo 61º deste mesmo texto legal, o denominado coloquialmente “Contador a Cero” nas concesións de bateas mexilloeiras.


Transcorrido case un ano de vixencia desta nova Lei, resulta preciso coñecer o resultado práctico da aplicación da mesma neste ámbito.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Aplicouse o contido da nova Lei de Pesca no referente ao denominado “Contador a Cero”?

2.ª) En caso positivo, a cantas concesións de bateas?

3.ª) Con que criterios?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:22
Nº Rexistro: 54799
Data envío: 23/11/2010 17:22:16.392

4.ª) Detecta a Consellaría do Mar a existencia de riscos xurídicos por este motivo?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 17:21:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao incremento desproporcionado do canon por renovación da concesión de bateas.

Bateiros galegos están a denunciar o incremento brutal do canon por renovación da concesión de bateas por razóns de, parece ser, a modificación dos criterios que se viñan utilizando neste ámbito pola Xunta de Galiza.

Así, desde os aproximadamente 200 euros que se aboaban até o momento por este concepto, pásase agora, segundo os casos, as cantidades que oscilan entre os 8.000 e 15.000 euros. É intolerábel. E na dura situación económica que está a padecer o sector mexilloeiro galego, resulta inasumíbel.

O Goberno do Partido Popular debe dar explicacións públicas por estes feitos de extrema gravidade e, sobre todo, corrixir esta situación de inmediato. Resulta escandaloso que se dirixa o afán recadatorio deste goberno contra os bateiros (en definitiva, contra un sector produtivo básico na economía galega), mentres se nega a gravar as grandes fortunas especuladoras. Cumpre parar esta medida, lesiva para milleiros de familias traballadoras deste país.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa reposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54801
Data envío: 23/11/2010 17:23:46.749

1.^a) Que motivo levou ao Goberno galego a incrementar de xeito tan desproporcionado o canon por renovación da concesión de bateas mexilloeiras?

2.^a) Con que criterios?

3.^a) É consciente do impacto que a materialización desta intención provocaría sobre este sector?

4.^a) Ten previsto corrixir esta decisión, e tornar ás cantidades medias que se liquidaban con anterioridade?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2010 17:18:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez e Carlos Aymerich Cano, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A redución dos orzamentos da Xunta no apartado de Benestar Social e Igualdade está a producir efectos negativos sobre a prestación de servizos aos cidadáns.

Familias monoparentais de Lugo ven como un centro que lles prestaba unha importantísima axuda desaparece como consecuencia do recorte das subvencións que o sostían. Este centro, cun horario de nove da mañá a oito da tarde, permitía aos pais que reunían unha serie de requisitos, conciliar a vida laboral e familiar.

A desaparición deste servizo dentro dunha semana, colócaos nunha dificilísima situación persoal e laboral que a Administración Galega debe resolver.

Por elo, presentase a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Xunta de Galiza para resolver os problemas creados ás familias monoparentais de Lugo coa desaparición do centro que lles prestaba este servizo?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 17:41
Nº Rexistro: 54806
Data envío: 23/11/2010 17:41:51.135

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/11/2010 17:40:22

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/11/2010 17:40:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Silvia Fraga Santos, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito de Control da CRTVG sobre a exclusión da organización xuvenil Xuventudes Socialistas de Galicia (XSG) dun programa da TVG no que se trataron asuntos de interese para a mocidade e ao que si se convidaron ás organizacións xuvenís do Partido Popular e do BNG.**

O pasado día 8 de novembro de 2010 a TVG programou un debate sobre a prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade no espazo “Foro Aberto”, programa que se emite con frecuencia semanal todos os luns na primeira canle da televisión pública.

Ao citado debate foron convidadas as organizacións xuvenís do Partido Popular (Novas Xeracións) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sendo excluída a entidade Xuventudes Socialistas de Galicia, organización xuvenil do Partido dos Socialistas de Galicia.

Cabe recordar, ademais, o importante traballo realizado por esta organización xuvenil que mesmo ten feito unha campaña propia sobre o Proxecto de lei de prevención de bebidas alcohólicas en menores promovido polo Goberno galego.

O bo facer e a frontal oposición ao citado Proxecto do Goberno por parte da organización xuvenil da segunda forza política deste País intentouse silenciar por parte da dirección da TVG.



Grupo Parlamentario

Non se atopa explicación a unha actitude claramente sectaria e contraria aos principios que inspiraron a creación da Lei da Compañía da Radio Televisión de Galicia, ao non respectar a pluralidade política e social existente en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É moi relevante que se produza unha ratificación inmediata deste tipo de actitudes sectarias e vergonzantes.

Polo anteriormente exposto, o deputado e a deputada asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cal é o criterio seguido para excluír do programa “Foro Aberto” á organización xuvenil XSG e silenciar así opinión dos mozos socialistas galegos en relación á prevención das bebidas alcohólicas en menores?
2. Por que nun debate ao que foron convidadas as organizacións xuvenís do Partido Popular (Novas Xeracións) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), foi excluída a entidade Xuventudes Socialistas de Galicia, organización xuvenil do Partido dos Socialistas de Galicia?
3. Por que se incumpre a Lei de Creación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia no referido ao respecto ao pluralismo político e social?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 23/11/2010 18:13:39

Silvia Belén Fraga Santos na data 23/11/2010 18:13:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, Marisol Soneira Tajés, M^a José Caride Estévez e Francisco Cerviño González, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O luns día 15 de novembro apareceu nalgúns medios de comunicación un especial da Consellería do Mar sobre as supostas bondades que suporá a construción dunha Goleta que parece os galegos non acaban de entender polo que a Xunta de Galicia prioriza nos seus investimentos un especial goleta.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que obxectivos pretende conquistar o Goberno galego cos recursos dedicados pola Consellería do Mar o especial mediático goleta?
2. Cales foron os criterios seguidos para a elección dos medios nos que non se publicou o especial?
3. Cal foi o custo total do investimento estratéxico do especial goleta da Consellería do Mar?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Marisol Soneira Tajés
M^a José Caride Estévez
Francisco Cerviño González
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 23/11/2010 19:06:31

Marisol Soneira Tajés na data 23/11/2010 19:06:36



Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 23/11/2010 19:06:42

Francisco Cerviño González na data 23/11/2010 19:06:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.


Os medios de comunicación recollen unhas declaracións de Javier García, administrador de Estela Eólica, empresa adxudicataria no concurso eólico que a Xunta de Galiza vén de resolver.

Segundo esas declaracións, a cambio dos 186 megavatios que lle foron outorgados no concurso eólico, a empresa Estela Eólica compromete a construción dunha planta para tratar os residuos urbanos das provincias de Ourense e Pontevedra. Definindo, Javier García, a planta de tratamento como “A SOGAMA do Sur”.

O modelo SOGAMA demostrou ser absolutamente ineficiente no que respecta aos obxectivos de redución, recuperación e reciclaxe das Directivas Europeas, a maiores dos problemas de contaminación ambiental que xera.

Os nacionalistas defendemos a necesidade de reorientar o modelo SOGAMA cara o abandono da incineración e avanzar nas políticas de reutilización e reciclaxe. Por iso, rexeitamos a posibilidade dunha “SOGAMA do Sur”.

Ante o anteriormente exposto, formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Que información ten a Xunta de Galiza da Planta de tratamento que pretende construír?

2ª) onde vai estar ubicada?

3ª) Cal vai ser a súa capacidade?

4ª) Que tipo de residuos se vai tratar nesa planta?

5ª) Que tipo de tratamento se lle vai dar a eses residuos?

6ª) Vanse incinerar?


Santiago de Compostela, 23 de Novembro de 2010

Asdo. Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 23/11/2010 20:16:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 09:54
Nº Rexistro: 54821
Data envío: 24/11/2010 09:54:33.240

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A anterior Consellaría de Vivenda e Solo, co fin de rehabilitar o importante patrimonio construído que ten o noso país e de facilitar o acceso á vivenda para as mozas e mozos mercou unha serie de inmóbeis co fin de conquistar ese dobre obxectivo.


Entre os edificios adquiridos estaba o antigo hotel Comercio en Monforte de Lemos, unha peza de gran calidade arquitectónica no centro urbano da cidade.

Unha vez rehabilitado, o inmóbel albergaría oito vivendas protexidas en aluguer para mozas e mozos e un local comercial.

O orzamento investigo foi de 1'5 millón de euros, 246.000 €, para a adquisición do edificio e 1'3 millóns para as tarefas de restauración e habilitación do mesmo.

Nunha visita realizada a Monforte, no mes de abril deste ano, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou que a rehabilitación remataría en maio deste mesmo ano.

Polo exposto, presentamos as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 09:54
Nº Rexistro: 54821
Data envío: 24/11/2010 09:54:33.240

1.^a) Están rematadas as obras de rehabilitación do edificio do antigo hotel Comercio?

2.^a) Segue sendo a intención da Consellaría ofertar as vivendas en aluguer para mozas e mozos?

3.^a) En caso afirmativo, cando ten previsto a Consellaría iniciar os trámites para a adxudicación das vivendas?

4.^a) En caso negativo, cales son as razóns e cal vai ser a finalidade á que se van destinar as vivendas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro


Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 24/11/2010 9:53:13

Teresa Táboas Veleiro na data 24/11/2010 9:53:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:17
Nº Rexistro: 54832
Data envío: 24/11/2010 11:17:43.207

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á evolución da produción galega de mexillón e da introdución na Galiza de mexillón importado, nomeadamente de procedencia chilena.

No ano 2009 producíronse na Galiza 225.000 toneladas de mexillón, das que, segundo datos oficiais, 139.000 foron destinadas á venda en fresco, e outras 82.000 se dirixiron á industria conserveira.

Modifícase así a tendencia histórica na comercialización deste molusco na Galiza, que levaba a que case un 70% da produción se destinara á industria conserveira e só un 30% á venda en fresco. Exactamente o contrario do que hoxe acontece.

Quere isto dicir que se está a producir un proceso paulatino (acelerado nos últimos tempos) de substitución do mexillón propio polo foráneo, nomeadamente o de procedencia chilena.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:17
Nº Rexistro: 54832
Data envío: 24/11/2010 11:17:43.207

1.^a) Que avaliación realiza a Consellaría do Mar sobre a actual situación do sector mexilloeiro galego, no tocante á produción, comercialización e facturación obtida por este produto?

2.^a) Como afecta o mexillón de importación, singularmente o chileno, neste contexto?

3.^a) Que datos posúe sobre a absorción de mexillón foráneo por parte da industria conserveira galega?

4.^a) Que medidas prácticas se adoptarán para defender a produción galega fronte á foránea?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 11:15:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:18
Nº Rexistro: 54834
Data envío: 24/11/2010 11:18:48.128

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás accións que se emprenderán para evitar prácticas irregulares no embarque de tripulantes na frota pesqueira galega.

O informe oficial da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos relativo ao afundimento do pesqueiro galego “José Almuiña”, en novembro de 2008, retrataba unha situación ilegal, do punto de vista laboral, e inxusta, do punto de vista social: oito mariñeiros de nacionalidade indonesia, embarcados neste palangreiro, non se encontraban dados de alta na seguranza social. Esta situación, de extrema gravidade, revela unha degradación das condicións de traballo, retributivas e sociolaborais a bordo dalgúns buques pesqueiros, singularmente (aínda que non de xeito exclusivo) en relación cos mariñeiros inmigrantes.

A Confederación Intersindical Galega (CIG) ten denunciado oficialmente e de xeito reiterativo, este tipo de prácticas, sen que se chegaran adoptar medidas específicas destinadas a erradicar situacións escandalosas como as descritas.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:18
Nº Rexistro: 54834
Data envío: 24/11/2010 11:18:48.128

1.^a) Que datos posúe o Goberno galego sobre prácticas irregulares no embarque de tripulantes na frota pesqueira galega?

2.^a) Que medidas concretas ten previsto adoptar, ben a iniciativa propia, ben perante outras administracións, a fin de combater e erradicar este tipo de situacións?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 11:11:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás medidas que adoptará a Secretaría Xeral de Política Lingüística para evitar a deturpación de topónimos galegos por parte do Goberno español.

Ven de denunciar o portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, Francisco Jorquera, as reiteradas prácticas nas que incorre o Goberno español de deturpación de topónimos galegos en diversa documentación e páxinas web oficiais.

O último dos exemplos é o da web oficial do Ministerio de Sanidade. Nun dos seus enlaces, 27 anos após a formalización da toponimia galega como única oficial, aínda é posíbel ler atrocidades como “El Ferrol del Caudillo”, “Viana del Bollo”, “Rianjo”, “Arteijo”, “Otero de Rey”, “La Gudiña”, “La Guardia”, “Caldas de Reyes”, “Pungín”, etc.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten previsto a Secretaría Xeral de Política Lingüística dirixirse ao Goberno español por este motivo?

2.^a) Teno feito con anterioridade?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:19
Nº Rexistro: 54836
Data envío: 24/11/2010 11:19:46.033

3.^a) En caso positivo, con que resultado?

4.^a) Que medidas se adoptarán para erradicar de xeito definitivo estas practicas ilegais do Goberno español?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 11:08:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:21
Nº Rexistro: 54838
Data envío: 24/11/2010 11:21:00.922


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á posición do Goberno galego perante o traballo e funcionalidade dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL).

Hai xa quince anos que no sistema educativo do noso país existen equipos de normalización e dinamización lingüística coa finalidade de defender o uso normal da lingua de noso, o galego. Até o propio Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, que xerou tanto contestación social por se converter en instrumento “legal” de combate á lingua galega, recoñece a existencia e funcionalidade dos ENDL, se ben na práctica padecen unha importante minoración política e orzamentaria do seu labor.

No actual contexto político, de ataques gubernamentais á nosa lingua e cultura nacionais, de exclusión do galego en diversos ámbitos a través de decisións político-administrativas deliberadas e calculadas, mesmo de vulneración da legalidade vixente en materia lingüística, son tamén os ENDL branco de ataques e ameazas por grupos socialmente irrelevantes e marxinais, mais magnificados mediática e politicamente.

É surrealista. Quen debера defender institucionalmente o idioma propio de Galiza por mandato legal e estatutario non só non o fai, senón que o ataca e pretende exterminalo; e as defensoras e defensores da nosa lingua no plano social (caso dos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:21
Nº Rexistro: 54838
Data envío: 24/11/2010 11:21:00.922

ENDL) teñen que padecer persecución e criminalización tan só por cumpriren co seu cometido.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que avaliación realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre o papel e funcionalidade dos ENDL no contexto do proceso de normalización lingüística, ao amparo da legalidade vixente?

2.^a) Emitiu a Secretaría Xeral algunha opinión, ou iniciou algunha acción diante dos ataques recibidos polos ENDL?

3.^a) Considera que o actual soporte político e orzamentario é suficiente para que os ENDL poidan cumprir cos seus cometidos?

4.^a) Cales son as previsións de futuro da liña de actuación política e orzamentaria destinada aos ENDL?


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 11:21
Nº Rexistro: 54838

Data envío: 24/11/2010 11:21:00.922

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 11:03:57

María do Carme Adán Villamarín na data 24/11/2010 11:04:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:46
Nº Rexistro: 54844
Data envío: 24/11/2010 12:46:48.792


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás medidas que se adoptarán na defensa das embarcacións galegas de baixura afectadas polo proceso de regularización impulsado ao amparo da Lei estatal 9/2007.

Xa rematados os prazos previstos, existen na Galiza máis de 1.200 embarcacións de pesca de baixura, percebeiras e de marisqueo a frote que, por razóns de diverso tipo, non foron quen de superar o proceso de regularización de embarcacións pesqueiras definido ao amparo da Lei estatal 9/2007, aprobada en Madrid, nas Cortes do Estado, polo PP e polo PSOE, non polo BNG.

O BNG leva anos denunciando a inadaptación desta lei española á realidade específica do sector pesqueiro galego. Mesmo o risco de utilizar este marco como coartada “legal” para facer desaparecer unha parte moi importante da nosa frota de baixura. Foi alcumada esta posición nacionalista de “alarmista” por parte do Goberno do Partido Popular, quen garantiu no seu día, de xeito formal do Parlamento galego, que non desaparecería ningunha embarcación galega por este motivo.

E pasado o tempo, é o propio Goberno do Partido Popular quen asume a súa impotencia e reconece que non sabe o que vai pasar co 30% das embarcacións pesqueiras do noso país. É evidente que estas noticias non contribúen precisamente a tranquilizar este sector produtivo.




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:46
Nº Rexistro: 54844
Data envío: 24/11/2010 12:46:48.792

O certo é que das 2.440 embarcacións galegas que solicitaron a regularización, 1.142 (o 56%!!) teñen informes desfavorábeis por diversas razóns. Cumpre acrescentar outras, que ficaron fóra do proceso por outros motivos. Así, en esencia, esta é a situación que cumpre resolver:

- a) 530 embarcacións que non deixan regularizar porque teñen que achegar baixas. Mais non poden facelo porque no mercado non existen esas baixas, moito menos nas condicións determinadas pola lei 9/2007. A Consellaría do Mar enviou comunicación oficial a estes armadores desestimando a súa solicitude.
- b) Outras 571 embarcacións tampouco se poden regularizar porque –segundo a administración- participaron anteriormente noutro proceso de regularización. É falso. Fora unha instrución de servizo interno (non unha lei) do ano 1999, que non entraba nin no material do casco nin na potencia do motor. Unicamente nas medidas. A Consellaría do Mar desestimou igualmente a regularización destas embarcacións.
- c) Outras 70 embarcacións, fundamentalmente percebeiras, son directamente catalogadas como “non regularizábeis”, ao superaren a potencia propulsora máxima instalada nos seus motores. Segue sen se decatarse a administración de que na Galiza, no noso mar, a potencia dos motores non se pode vincular ao esforzo pesqueiro, senón á seguranza.
- d) Outras 169 embarcacións ficaron excluídas do proceso de regularización por inicialmente fóra de prazo. Hai que lles dar unha solución, pois neste



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:46
Nº Rexistro: 54844
Data envío: 24/11/2010 12:46:48.792

proceso administrativo demencial a información veraz non foi precisamente a protagonista.

En definitiva, moitos armadores de pequenas embarcacións, que chegaron a realizar gastos importantes confiando en que lles permitirían acceder á regularización, non teñen a día de hoxe a seguranza de que van poder seguir a vivir do seu traballo no mar. E o dramático é que este é un problema esencialmente galego: o 90% das embarcacións de todo o Estado español afectados por problemas de regularización teñen porto base na Galiza. Cadaquén que tire as súas conclusións. Mais o certo é que Galiza debera contar con capacidade de decisión política neste ámbito.


O Goberno galego debe actuar. Debe impedir a desaparición de máis embarcacións pesqueiras e de postos de traballo no mar. Galiza, o sector pesqueiro galego, non pode aturar un proceso deste tipo. Hai alternativas, e débense defender.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cal é a alternativa da Consellaría do Mar para defender a viabilidade no proceso de regularización de cada un dos grupos de embarcacións que padecen situación diferentes?

2.^a) Que medidas se adoptarán para defender esta frota?

3.^a) Que opinión lle merece a Lei 9/2007?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:46
Nº Rexistro: 54844
Data envío: 24/11/2010 12:46:48.792

4.^a) Ten previsto reclamar a transferencia á Galiza das competencias neste materia?


Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 12:44:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:48
Nº Rexistro: 54846
Data envío: 24/11/2010 12:48:44.321

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de depuración e saneamento na illa de Ons.

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos ven de financiar a execución dun proxecto de depuración e saneamento na illa de Ons cunha achega económica de 223.000 euros.

Chama poderosamente a atención este feito, habida conta da recente instalación dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR), promovida pola Deputación Provincial de Pontevedra, que nunca chegou a entrar en funcionamento de xeito satisfactorio. Moi pola contra, esta EDAR da Deputación producía verteduras contaminantes directas ao mar (no contexto do Parque Nacional das Illas Atlánticas!!), e fortes cheiros nunha das áreas máis turísticas da illa.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cal foi o motivo de que a EDAR instalada pola Deputación Provincial de Pontevedra non funcionara?

2.^a) De quen é a responsabilidade?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 12:48
Nº Rexistro: 54846

Data envío: 24/11/2010 12:48:44.321

3.^a) Cando entrará en funcionamento a nova EDAR?

4.^a) Cales serán as súas características técnicas?

5.^a) Cal será a súa localización na illa?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 12:44:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 13:32
Nº Rexistro: 54849
Data envío: 24/11/2010 13:32:35.442

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.


A unha pregunta formulada por esta deputada sobre a execución pola Asociación de Veciños de Santa Eulalia, de Valdoviño, das obras necesarias para a reposición ao seu estado anterior dos terreos afectados polas obras realizadas no ano 2004, por esa Asociación, sen autorización no lugar de Monte de Prados-Limpeiro, no concello de Valdoviño, dentro do espazo natural Costa Ártabra, da Rede Natura 2000, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resposta que o proxecto de execución da rexeneración da área escavada, Monte de Prados, concello de Valdoviño, non está executada na súa totalidade e, en consecuencia, procede a execución forzosa da resolución do 16 de novembro de 2005 mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables periodicamente ata lograr a execución polo suxeito obrigado (Asociación de Veciños de Santa Eulalia de Valdoviño, A Frouxeira).

Polo anterior presentamos as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas multas coercitivas se levan imposto á mencionada Asociación?
- 2.^a) Tense feito efectivo o cobro de algunha delas? En caso afirmativo, de cantas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 13:32
Nº Rexistro: 54849

Data envío: 24/11/2010 13:32:35.442

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 24/11/2010 13:31:41



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal e Guillermo Meijón Couselo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Xunta de Galicia pretende executar a obra de desdoblamento da estrada PO-542 (Ponte Bora – O Pino) para dar acceso ao futuro hospital público-privado de Pontevedra, situado en Monte Carrasco.

No Diario Oficial de Galicia do 13 de agosto de 2010 se publica o Decreto polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto de trazado.

As afeccións producidas por esta infraestrutura de comunicación, sobre toda nas parroquias de Marcón e Tomeza, induciron a presentación de 2.300 sinaturas que cuestionan a mesma.

Unha actuación que tampouco conta coa aprobación do Concello de Pontevedra xa que contradí as previsións do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal que limita o ancho da estrada a metade do previsto pola Consellería de Ordenación do Territorio.

Tendo en conta o rexeitamento que esta obra de ampliación está a suscitar entre os veciños/as afectados/as, e polo que os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que estado se encontra a tramitación desta obra de ampliación da actual estrada PO-542, para dar acceso ao novo hospital de Pontevedra?
2. Mantivo a Consellería responsable algún tipo de contacto cos afectados polas expropiacións previstas para materializar esta actuación?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Pensa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas procurar un achegamento de posturas, na actualidade diverxentes, co Concello de Pontevedra que ve atropelado o seu planeamento urbanístico nesta zona da cidade do Lárez?
4. Valora a Consellería a posibilidade de modificar o trazado previsto para esta actuación que responde mais a un capricho que unha necesidade?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Guillermo Meijón Couselo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 24/11/2010 13:24:56

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 24/11/2010 13:25:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Carmen Acuña do Campo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Claustro de Profesores do IES de Cacheiras do concello de Teo ten remitido un escrito á Consellería de Educación por cuestións que entendemos relevantes e das que temos que destacar o recorte de docentes que sofre o centro no presente curso escolar 2010-2011.

Estas son as razóns polas que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os criterios e as razóns polas que o IES de Cacheiras, no curso 2010-2011, ve reducido o seu cadro de persoal en catro docentes?
2. Considera a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que tal redución non afecta a calidade educativa impartida no citado centro?
3. É certo que as aulas da ESO do IES Cacheiras están masificadas e que mesmo varias delas contan con máis de 25 alumnos e alumnas que é o número máximo recomendado?
4. É certo que esta situación ocorre igualmente coas aulas de Bacharelato e mesmo con máis de 30 alumnos e alumnas?
5. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten constancia do incremento de profesores non especialistas que teñen que impartir materias afíns moitas veces afastadas do seu ámbito de coñecemento?



Grupo Parlamentario

6. Esta é a fórmula coa que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende incrementar as taxas de éxito escolar e diminuír o abandono do mundo educativo? Que ocorre co plan que progresivamente trataba de conseguir desdobres das aulas nas materias de especial dificultade alá onde se deran as circunstancias que o fixeran aconsellable?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Carmen Acuña do Campo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 24/11/2010 13:41:10

María Carmen Acuña Docampo na data 24/11/2010 13:41:18

María Concepción Burgo López na data 24/11/2010 13:41:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2010 13:41:32

Francisco Cerviño González na data 24/11/2010 13:41:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:02
Nº Rexistro: 54904
Data envío: 24/11/2010 17:02:40.486

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Bieito Lobeira Domínguez, deputados pertencentes ao **GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, relativa aos problemas xerados na praia de Laxe pola alteración das correntes tras do último alargamento do dique de Laxe.

As últimas obras realizadas por Portos de Galiza en 1988 no dique do porto de Laxe semella ter modificado as correntes con grave dano para a praia, con arrastre de grandes cantidades de area cara a parte occidental da praia, anulando a vista do mar desde o paseo marítimo desde a parte oriental, coñecida como "Cabo Area". Este movemento da masa da area afecta tamén seriamente a manobrabilidade das embarcacións ao se formaren baixíos de area no fondo.

Ainda máis: a alteración das correntes provoca fortes ondaxes no interior da dársena de Laxe privando ao dique de abrigo de grande parte da súa eficacia.

E, polo demais, o movemento das masas de area depositadas na praia afecta á rede de saneamento, provocando atascos e asulagamentos tanto no paseo marítimo como nas rúas principais de acceso á vila de Laxe.

Á vista desta situación, fórmulanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:02
Nº Rexistro: 54904
Data envío: 24/11/2010 17:02:40.486

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para corrixir a alteración de correntes provocada polo alargamento do dique de Laxe? En concreto, que medidas vai tomar para corrixir os arrastres de area cara a parte occidental da praia e o fondo mariño?

E para evitar os danos que a area está a provocar, en forma de atascos e asulagamentos, sobre a rede de saneamento e viaria de Laxe?

E para asegurar o abrigo das embarcacións atracadas ou fondeadas na dársena de Laxe?

En definitiva, está a estudar a Xunta as modificacións precisas no porto de Laxe para, previos os estudos hidrodinámicos precisos, solucionar definitivamente os problemas provocados pola alteración das correntes en Laxe?


Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2010 17:00:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2010 17:02
Nº Rexistro: 54904
Data envío: 24/11/2010 17:02:40.486

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2010 17:00:11



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez e Sonia Verdes Gil, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Boletín Oficial da provincia de Lugo número 165, de data 19 de xullo de 2006, publicou un anuncio da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería de Medio Ambiente, de Augas de Galicia, Demarcación Galicia Centro, polo que se fai pública a solicitude do Concello de Palas de Rei, solicitando de augas de Galicia un caudal de 20 litros por segundo de augas procedentes do Río Pambre, en Ponte Rosa, parroquia de Carballal de San Mamed, con destino a captación e bombeo, con destino a estación de bombeo e impulsión á ETAP de Palas de Rei.

Nun xornal dos de máis tirada de Galicia, o día 18 do presente mes de novembro publicaba a denuncia dos veciños da parroquia de Carballal, segundo a cal, a captación antes referida foi denunciada no xulgado de Chantada, porque se fixo nun lugar denominada As Gándaras, no Río Merlan, tamén coñecido como Río Grande o de Maceda, un río distinto do previsto inicialmente situado a uns 600 metros do lugar fixado no proxecto.

Por tal motivo, os deputados e a deputada que asinan, queren saber en resposta escrita as seguintes cuestións:

- 1.^a) Cando se aprobou o convenio co Concello de Palas de Rei?
- 2.^a) Cando empezaron as obras deste proxecto?
- 3.^a) Cal foi a empresa adxudicataria?
- 4.^a) Houbo subcontratación nesta obra, e si foi así, a que empresa se subcontratou?



Grupo Parlamentario

5.^a) Fixéronse Actas de Replanteo e en que data se fixeron as mesmas?

6.^a) Con que autorización contaba doutros organismos?

7.^a) Cal foi o orzamento de execución desta obra?

8.^a) Nestes momentos, cal é o grao de execución das obras, están rematadas?

9.^a) Esta obra de abastecemento da auga a Palas de Rei, fíxose con fondos europeos, fondos propios ou de ambas procedencias?

10.^a) Houbo certificación final de obra?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo: José Tomé Roca
Ricardo Varela Sánchez
Sonia Verdes Gil

Deputados e deputada do G.P. Dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 24/11/2010 17:19:13

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 24/11/2010 17:19:17

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 17:19:21



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil e María Concepción Burgo López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A consecuencia do temporal Klaus que afectaba Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009 a Igrexa da Parroquia de San Lorenzo de Arbol no Concello de Vilalba sufría graves desperfectos que afectaban á estrutura da edificación.

A igrexa que data do século XIX, e que restauraron os veciños e as veciñas da parroquia hai arredor de 20 anos, quedaba sen parte do teito cando a parte superior do campanario se veu abaixo e se derrubaba o tellado da nave central do edificio que cedía a consecuencia do temporal.

O cura da parroquia informaba ao Bispado de Mondoñedo Ferrol ao que pertence dita parroquia da situación, e feitas as primeiras labores de desentullo o responsable de Patrimonio da Diocese era o encargado de xestionar diante da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia o arranxo dos desperfectos que na Igrexa ocasionara o devandito temporal, que ascenden aproximadamente a 80.000 euros, segundo a información recollida por diversos medios de comunicación.

Malia que situación na que se atopaba a Igrexa, obrigaba ao cura da parroquia a celebrar os oficios relixiosos na parte cuberta do igrexario, e aínda a pesar do risco de que as intensas choivas do inverno puideran afectar á estrutura do templo, feitos que denunciaron publicamente en múltiples ocasións os veciños e as veciñas, as obras de reparación e reconstrucción no Igrexario non se iniciaron ata ben entrado o verán do 2010, un ano e medio despois de que o templo sufrise danos importantes a causa do temporal Klaus.



Grupo Parlamentario

Tal é así que, as obras de reparación da Igrexa de Arbol que levou a cabo a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, concluíron non hai moito tempo.

Por iso a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Cando aprobou a Dirección Xeral de Patrimonio a adxudicación definitiva das obras de restauración da Igrexa da Parroquia de San Lorenzo de Arbol no Concello de Vilalba, que resultara danada a causa do temporal Klaus?

2.^a) Qué empresa resultou adxudicataria de tales obras ?

3.^a) Cando se iniciaron as obras?

4.^a) A cargo de que partida orzamentaria se financiaron as devanditas obras de restauración e qué dotación orzamentaria se destinou para tal fin?

5.^a) Que actuacións incluía o proxecto de obra para a restauración da devandita Igrexa?

6.^a) Cando concluíron as obras?


7.^a) Cando se procedeu a xustificación e certificación das obras levadas a cabo na Igrexa da Parroquia de Arbol?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
María Concepción Burgo López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2010 18:42:32

María Concepción Burgo López na data 24/11/2010 18:42:39

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
María Concepción Burgo López e Ismael Rego González,
deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos**
Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do
Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte
pregunta para a súa resposta **escrita.**
.....

O director xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, afirmou publicamente hai uns meses que o seu departamento estaba traballando para declarar Ben de Interese Cultural o Castro de Fazouro no concello de Foz, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) En que fase se atopa expediente para a declaración de BIC o Castro de Fazouro?
- 2.^a) Cando se procederá á declaración de BIC do dito castro?
- 3.^a) Que accións de rehabilitación e mantemento se fixeron nos anos 2009 e 2010 no Castro de Fazouro?
- 4.^a) Cal foi o investimento realizado nestes anos no Castro de Fazouro?


Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2010

Asdo: María Concepción Burgo López
Ismael Rego González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 24/11/2010 19:04:26



 Grupo Parlamentario

Ismael Rego González na data 24/11/2010 19:04:29

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54933
Data envío: 24/11/2010 19:32:07.361

Á Mesa do Parlamento


María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Desde o ano 1990 coa aprobación da LOXSE a educación infantil pasa a concibirse como unha etapa educativa. Desaparece a concepción asistencial de atención aos nenos e nenas e ábrese un futuro para traballar conxuntamente na calidade educativa desde a primeira idade.

A Escola Inclusiva é actualmente o marco teórico de referencia para enfocar a intervención ante a diversidade do alumnado. Desde esta filosofía considérase que o proceso de aprendizaxe das crianzas é unha consecuencia da súa inclusión no centro escolar. A escola inclusiva require necesariamente de apoios, entendidos dun xeito que asuma a intervención no propio contexto ordinario e a colaboración de todo o persoal da escola e a comunidade, así como dos propios compañeiros e compañeiras.

A situación da valoración inicial e o asesoramento aos profesionais das escolas infantís, con respecto ás nenas e nenos de 0-3 anos con necesidades específicas de apoio educativo resolveuse, en moitas comunidades autónomas, con creación duns Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica especializados en Atención Temperán que, dependentes da Administración educativa, desenvolven a súa intervención nas escolas infantís. Este tipo de equipos nunca chegaron a funcionar en Galiza.

Logo do traballo realizado durante a anterior lexislatura desde a Administración galega xunto coa AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá) para deseñar un



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54933
Data envío: 24/11/2010 19:32:07.361

modelo de cribado nas escolas e a posta en marcha da formación para profesionais das escolas infantís baixo o título "Atención a nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo na escola infantil" compre dar continuidade a este traballo.


Polo isto, formúlanse as seguintes preguntas:

1. Que accións puxo en marcha o Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0-3 anos?
2. Que accións puxo en marcha o Goberno galego para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?
3. Que accións porá en marcha o Goberno galego para detectar as necesidades específicas do alumnado de 0-3 anos?
4. Que accións porá en marcha o Goberno galego para o acompañamento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Carlos Aymerich Cano
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54933

Data envío: 24/11/2010 19:32:07.361

María do Carme Adán Villamarín na data 24/11/2010 19:25:20

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2010 19:25:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No expediente de solicitude autorización de vertido de augas residuais urbanas ao mar-cunca da ría de Cederia (desembocadura do río Ferreira) procedentes do saneamento da parroquia de Vilarrube, concello de Valdoviño, figura un informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza no que se afirma: *“O río Ferreira carece dun caudal suficiente, xa que o encoro das Forcadas non mantén o caudal ecolóxico mínimo suficiente”*.


No mesmo expediente outro informe, emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, asevera: *“O río Ferreiras no verán, practicamente non ten caudal na marea baixa, toda vez que parte do seu caudal recóllese nun encoro”*.

Na directiva Marco da Auga o réxime de caudais constitúe un dos aspectos básicos para acadar e manter o bo estado ecolóxico dos ríos.

Polo anteriormente exposto, formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1ª) Sendo coñecedora a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da mala situación na que se atopa o río Ferreira como consecuencia da ausencia de caudal ecolóxico suficiente no encoro das Forcadas, ¿ten adoptado esa Consellería algunha medida para correxir a situación do río Ferreira?

2ª) En caso afirmativo, ¿que medidas ten adoptado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) En caso negativo, ¿non considera necesario a Consellería que o río Ferreira conte con ese caudal ecolóxico mínimo suficiente?.


Santiago de Compostela, 24 de Novembro de 2010

Asdo. **Isabel Sánchez Montenegro**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 25/11/2010 10:42:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:10
Nº Rexistro: 54949
Data envío: 25/11/2010 11:10:54.913

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación do novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán.


Nos acordos Xunta-Endesa-Sindicatos de 1997 (Plano de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes) figuraba, dentro das actuacións máis relevantes no ámbito das infraestruturas viarias, o novo acceso As Pontes-Polígono dos Airíos-Momán.

No ano 1998 tivo lugar a sinatura do protocolo de colaboración entre o MINER e a Xunta de Galiza para a Promoción do Desenvolvemento Económico Alternativo das Zonas Mineiras do Carbón, no que, na cláusula segunda, se recollía o acondicionamento do acceso As Pontes-Polígono Airíos-Momán, incluído na primeira fase do plan (1998-1999).

No mesmo ano, a Deputación da Coruña aprobaba o Plano 2000 de Estradas, no que figuraba a CP 7001 As Pontes-Momán, cun orzamento duns 0,9 M€, incluíndo expropiacións e servizos afectados.

No 1999 procedeuse á sinatura do convenio de colaboración específico, entre a Consellaría de Industria e o Ministerio de Industria, de vixencia até o 2001.

Finalmente, e despois de anulacións e novos convenios, execútase o proxecto “Variante Acceso dos Airíos”, de 1,3 quilómetros, calzada de 10,5 m, dous carrís de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:10
Nº Rexistro: 54949
Data envío: 25/11/2010 11:10:54.913

3,5 m e unha vía lenta de 3,5 m, cun orzamento duns 0,65 M€.

En 2005 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas requiría da Dirección Xeral de Obras Públicas resposta para a inclusión da actuación “Mellora da estrada Airíos-Momán (subvencionado 4 M€ sobre do orzamento)” na modificación do Anexo ao Protocolo de Colaboración entre o Ministerio de Industria e a Xunta, no marco do Plan do Carbón.


Entre os anos 2003 e 2006, o Concello das Pontes e as AAVV dirixen escritos á Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (con posterioridade, Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes), solicitando melloras nas diferentes estradas do termo municipal, entre as que figuraba a DP 7001 As Pontes-Momán, polo seu carácter estratéxico de conexión coa A6 e Santiago.

No novo Plan do Carbón 2006-2012, para o período 2006-2007 figuraban 0,2 M€ (80% para o IRCM e 20% para a Xunta) destinados á elaboración do proxecto construtivo da estrada Airíos-Momán, namentres que no bienio 2008-2009 ascendía a 1,0 M€ (75% IRMC e 25% Xunta) a cantidade para dita estrada.

Por outra banda, 50.000 € dos orzamentos da Xunta para 2010 estaban adicados á meritada infraestrutura, cuantía que foi emendada polo BNG até os 0,2 M€, mais rexeitada polo PP.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG, realiza as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1º) Ten redactado a Xunta o proxecto construtivo da estrada Airíos-Momán?; de ser o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 11:10
Nº Rexistro: 54949
Data envío: 25/11/2010 11:10:54.913

caso, cal é o seu estado de tramitación administrativa?.

2º) Fixo xestións a Xunta diante das Deputacións da Coruña e Lugo, propietarias da estrada?; de ser o caso, cales e con que resultados?.

3º) Cal é a previsión da Xunta para o comezo das obras?; e para o seu remate?.

4º) Cal é o estado de execución dos compromisos económicos do IRCM a respecto da meritada infraestrutura?.

5º) Cal ou cales son as causas do retraso?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/11/2010 11:08:13

Teresa Táboas Veleiro na data 25/11/2010 11:08:19



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín e Rosa Oubiña Solla, deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Escrita**.

Con data 21 de outubro do 2010 outorgouse a escritura de Fusión mediante a absorción de Sanidad Animal y servicios Ganaderos S.A. (TRAGSEGA), Sociedade Absorbida, por parte de Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. (TRAGSATEC), Sociedade Absorbente.

Como consecuencia da fusión a sociedade absorbente adquiriu en bloque a título universal a totalidade dos elementos patrimoniais integrantes do Activo e do Pasivo de TRAGSEGA, quedando plenamente subrogada en canto a dereitos e obrigas procedan da absorbida, conforme a Lei.

A consecuencia disto, TRAGSEGA quedará disolta e extinguida a partires da data de inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, subrogándose TRAGSATEC en todo o referente ao patrimonio, actividades e negocios da absorbida a partires de dita data.

En relación a este asunto, as deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Como valora a Consellería de Medio Rural a repercusión que terá no sector a absorción de TRAGSEGA por parte de TRAGSATEC?
- 2.- ¿Cal é a vinculación da Xunta de Galicia e TRAGSEGA?
- 3.- En caso de haber vinculación entre a Xunta de Galicia e TRAGSEGA, ¿cómo afectará a Fusión as relacións existentes?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 13:28
Nº Rexistro: 54968
Data envío: 25/11/2010 13:28:22.958

Asinado dixitalmente por:

María Emma Álvarez Chao na data 25/11/2010 13:26:09

María Isabel García Pacín na data 25/11/2010 13:26:18

Rosa Oubiña Solla na data 25/11/2010 13:26:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e Teresa Táboas Veleiro deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a problemas de seguridade vial no Concello de Ferrol.

A Xunta de Galiza esta a desenvolver unhas importantes obras de reurbanización da estrada de Castela e da estrada de Catabois no Concello de Ferrol. Desde o inicio destas obras os problemas de seguridade vial a consecuencia dos traballos e os defectos existentes nos proxectos construtivos provocaron numerosas queixas por parte de diversos colectivos implicados: condutores de autobuses, asociacións de comerciantes, colectivos veciñais. Pero non se teñen tomado medidas para subsanar as deficiencias amosadas tanto no proxecto como na seguridade das obras.

Esta situación levou ao colectivo de condutores dos autobuses do transporte público da cidade de Ferrol a mobilizarse polas dificultades que padecen a diario como consecuencia destes traballos e da improvisación permanente na organización dos mesmos por parte das administracións implicadas.

Tamén Asociación de Comerciantes e Empresarios mantiveron diversos encontros con representantes da Xunta de Galiza e do Concello de Ferrol (como membros da comisión de seguimento dos traballos) sin que se teñan tomado en consideración as súas demandas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Estrada de Castela o nivel de desidia que se amosa na realización dos traballos é máis que preocupante: non se están a cumprir as liñas de actuación técnica de Prevención de Riscos Laborais na execución da obra, existe risco serio de inundacións en moitos negocios pola mala execución dos traballos e a diferenza importante de nivel entre a beirarrúa e os portais, mesmo se ten chegado a poñer como barreira física, un bordillo, para evitar que entre o auga nos negocios.

Ademais prodúcense cada día incidentes e accidentes de peóns que circulan pola zona pola pouca seguridade ademais que se lle estan a causar multitude de inconvenientes desde o punto de vista operativo aos negocios da zona.


Por este motivo o grupo parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Que medidas ten tomado a Xunta para asegurar a seguridade nestas obras tendo en conta que se trata de zonas con moito tránsito de peons e cun forte tecido comercial?

2ª) Ten coñecemento das queixas manifestadas ao respecto destas obras?

3ª) Ten estudado a comisión de seguimento e control as queixas presentadas ?

4ª) Ten previsto facer algo para solucionar os defectos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5ª) Teñen avaliado a posibilidade de acometer as obras por tramos? Vaise facer?

6ª) Teñen previsto algunha medida para axilizar as obras?

Santiago de Compostela, 25 de Novembro de 2010

Asdo. **Ana Luísa Bouza Santiago**

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/11/2010 13:55:06

Teresa Táboas Veleiro na data 25/11/2010 13:55:09



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Mar Barcón Sánchez, María Quintas Alvarez e Pablo Xabier López Vidal, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O regato de Cortegada situado na zona denominada “os prados de Cortegada” da parroquia de Siador no concello de Silleda apareceu este verán seco, sen auga, a causa, segundo informan os veciños aos medios de comunicación, dunhas obras levadas a cabo para captar auga para abastecemento da poboación.

Unha vez que esta situación se fixo pública por parte dos veciños, e que os medios de comunicación fotografaron a evidente agresión ambiental causada na zona, ao cabo duns días se instala un tuba máis arriba da zona de captación que empeza a verter auga cara o regato seco.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o Goberno de Galicia esta situación?
2. Saben a orixe do problema, porque secou o regato de Cortegada?
3. Existe algunha responsabilidade por parte de particulares, entidades, concello ou mesmo do organismo autónomo Augas de Galicia?
4. Levábanse a cabo, como denuncian os veciños obras para abastecemento da poboación?
5. Si é así, estas obras contaban con as preceptivas autorizacións municipais e de Augas de Galicia?
6. Considera o Goberno de Galicia que está garantido con estas actuacións o caudal ecolóxico necesario para evitar danos ambientais?
7. Ten aberto algún expediente sobre esta cuestión ou sobre cuestións colaterais que teñan repercusión no secado do regato de Cortegada o organismo autónomo Augas de Galicia ou a propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

8. Cantas captacións destas características existen no concello de Silleda?
9. Teñen todas elas autorización de Augas de Galicia, do concello, etc.?
10. A que parroquias abastecen?
11. Coñece o Goberno de Galicia si ten o Concello de Silleda servizo municipal de auga?
12. Si é así, a que parroquias abastece?
13. Cal é a prioridade en política de augas por parte do Goberno de Galicia, manter o caudal ecolóxico ou o abastecemento?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2010

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Pablo Xabier López Vidal
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 25/11/2010 17:19:37

Mar Barcón Sánchez na data 25/11/2010 17:19:44

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/11/2010 17:19:52

Pablo Xabier López Vidal na data 25/11/2010 17:19:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:36
Nº Rexistro: 55001
Data envío: 25/11/2010 17:36:56.266

Á Mesa do Parlamento


Ana Luisa Bouza Santiago e Fernando Blanco Álvarez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á denuncia realizada nesta Cámara sobre o pago específico de incentivos económicos a persoal facultativo por parte do SERGAS polas altas sen probas complementarias.

Estamos diante dunha denuncia grave que pode crear alarma ante a posibilidade de que a Xunta promova incentivos económicos diferentes en función das decisións clínicas que se tomen. Mais aínda cando a denuncia parece circunscrita ao Hospital da Costa.

Por tanto, para eliminar calquera sospeita, é necesaria unha aclaración detallada por parte do Goberno galego das condicións nas que se está ofertando autoconcertación ao persoal facultativo do SERGAS.

Por este motivo, este grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Cál é, en detalle, a oferta realizada polo SERGAS ao persoal facultativo de pago de incentivos económicos por traballo en xornada extraordinaria?
- 2.^a) Prodúcese un pago diferente en función das probas complementarias solicitadas?
- 3.^a) Están publicados os criterios da oferta e son accesíbeis polo persoal facultativo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:36
Nº Rexistro: 55001
Data envío: 25/11/2010 17:36:56.266

4.ª) Prodúcense ofertas de autoconcertación diferentes en centros diferentes?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago


Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/11/2010 17:15:32

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 25/11/2010 17:15:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.


O Presidente da Xunta de Galiza afirmou, na súa visita a Lugo e Ourense, que unha proba, da súa firme convicción polo reequilibrio territorial de Galiza, era que nos vindeiros orzamentos de 2011 o Plan Impulsa Lugo ía ter un incremento de 27 millóns e o Plan Impulsa Ourense de 24 . Unha vez presentados os orzamentos da Xunta de Galiza 2011, observamos que a única consignación presupostaria son 4'8 millóns de euros para ámbolos dous plans Impulsa. Dada a enorme diferenza entre o prometido polo Presidente da Xunta de Galiza e a realidade que os orzamentos amosan, e que loxicamente prexudica o pretendido reequilibrio territorial, é polo que presentamos a seguinte Pregunta:

Onde están consignadas as cantidades prometidas polo Presidente da Xunta aos Plans Impulsa Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2010.

Asdo.. Fernando Xabier Blanco Álvarez
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2010 17:39
Nº Rexistro: 55004

Data envío: 25/11/2010 17:39:30.878

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 25/11/2010 16:34:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á subministración de combustíbel no porto de Baiona.


A finais de agosto, o presidente de Portos de Galiza anunciaba a posta en marcha do surtidor de combustíbel no porto de Baiona, un servizo imprescindible que, cun investimento que superaba os 57.000 €, servía para “mellorar as condicións de traballo dos mariñeiros baioneses”. O seu anuncio tamén falaba dunha segunda fase, na que estaba previsto soterrar o depósito e que se estudaría a posibilidade de colocar outro depósito para gasolina.

A realidade é que, pasados mais de tres meses, os mariñeiros teñen que subministrarse do mesmo xeito que o viñan facendo como ata o de agora e do prometido non ten visos de converterse en realidade.

Dadas estas circunstancias e o malestar existente nos usuarios do porto é polo que formulamos as seguintes preguntas ao Goberno galego con resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as razóns polas que non esta posto en marcha o subministro de combustíbel aos mariñeiros?.

2ª) Cando vai poñer en marcha dito subministro?.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) Vanse realizar as obras publicitadas como son o enterramento dos depósitos e a subministración de outro tipo de combustíbeis?.

4ª) Cales son os prazos reais cos que conta o Goberno galego?.

Santiago de Compostela, 25 de Novembro do 2010.

Asdo. Henrique Viéitez Alonso

Bieito Lobeira Domínguez

Carme Adán Villamarín

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 25/11/2010 18:13:54

María do Carme Adán Villamarín na data 25/11/2010 18:14:02

Bieito Lobeira Domínguez na data 25/11/2010 18:14:06

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727